

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 02/2014-06/02/2014

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 02/2014 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Casa da Cultura
Data: 06.02.2014
Hora de convocatoria: 20.00 h
Hora de comezo: 20.05 h
Hora de remate: 22.56 h

ASISTENTES

Fernando Guitián Guitián (alcalde), presidente
Patricia Durán Pérez (concelleira do grupo municipal do PP), vogal
Jesús Salgueiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Carlos Lameiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Juan Carlos González Camesella (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Paula Bouzós Barros (concelleiro da grupo municipal do PP), vogal
Juan Francisco Ferreira González (concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Ana Isabel Francisco Santos (concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Natalia Sofía Salgueiro Hermida (concelleira do grupo municipal do C.D.L), vogal
José Ignacio Troncoso Quintas (concelleiro do grupo municipal do C.D.L), vogal
Manuel Gómez González (concelleiro do grupo municipal MIXTO), vogal
Xosé Antonio Araújo Quintas (concelleiro non adscrito), vogal
Pauliño del Río Iglesias (concelleiro non adscrito), vogal
María Fátima Rodríguez Áreal (concelleira non adscrita), vogal
María Luisa Tareixa Uxía Varela Nogueiras (concelleira non adscrita), vogal
Emilio Enrique García Crego (concelleiro non adscrito)
Eladio Costas Pererira (concelleiro non adscrito)
Elena Ares Salgado, secretaria acctal. do Concello

ORDE DO DÍA.-

1. Retificación da acta plenaria núm. 12/2013 de data 14/10/2013.
2. CONVALIDACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO RELATIVO Á APROBACIÓN DA RENOVACIÓN DO CONVENIO ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE GONDOMAR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE AUTOMÓBILES ABANDOADOS E POSTERIOR TRATAMENTO.
3. RETIFICACIÓN DE ERRO ADVERTIDO NO TRAZADO DUN CAMIÑO NO INVENTARIO DE BENS PÚBLICOS.
4. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CON UNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LOIMPOS, NOS DITOS CONCELLOS.
5. Fiscalización e control dos órganos de goberno.
 - a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende a sesión ordinaria de data 16.01.2014: dende o número 1857/2013 ata 1913/2013
 - b. Mocións
 - c. Rogos e preguntas



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

O Presidente declara aberta a sesión ás 20 horas e 5 minutos ao atoparse reunidos todos os convocados dende a citada hora de acordo coa relación que figura no encabezamento da presente acta.

1. Retificación da acta plenaria núm. 12/2013 de data 14/10/2013.

Pola voceira do Grupo do Partido Popular dase lectura da proposta de Alcaldía de data 16 de xaneiro 2014.

No pleno celebrado o día 16 de xaneiro de 2014, o concelleiro Eladio Costas Pereira advirte do erro existente en acta plenaria núm. 12/13, por canto entre os asistentes a dita sesión non se recolle ao concelleiro Eladio Costas Pereira.

Tendo en conta que dito concelleiro asistiu a dita sesión, e resultando que mediante informe de hoxe mesmo a secretaria municipal verifica a existencia de dito erro, propoño ao pleno deste concello o seguinte acordo:

Aprobar a acta rectificadora do xeito exposto.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a retificación da acta plenaria núm. 12/2013 de data 14/10/2013.

2. CONVALIDACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO RELATIVO Á APROBACIÓN DA RENOVACIÓN DO CONVENIO ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE GONDOMAR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE AUTOMÓBILES ABANDOADOS E POSTERIOR TRATAMENTO.

Pola voceira do Grupo do Partido Popular dase lectura a proposta de Alcaldía de data 22.01.2014, que literalmente di:

ANTECEDENTES

Mediante escritos con número de rexistro 7126 e 7127, do día 07/12/2013, os concelleiros indicados no encabezamento, presentaron o recurso de referencia mediante escritos con contido casi idéntico, argumentando que dito acordo plenario debe ser sometido novamente á comisión informativa e a aprobación plenaria polos seguintes motivos:

Os concelleiros Emilio E. García Crego, María Fátima e María Luisa Varela Nogueiras manifestan no seu recurso que

- *a notificación da convocatoria da comisión informativa 10-13 debería terse realizado dous días hábiles antes da súa celebración e non 24 horas antes; que recibiron dita notificación por correo electrónico cando deberían tela recibido no seu domicilio; todo elo impediulles asistir a dita comisión informativa que tivo lugar o martes 5 de novembro ás 13.30 horas; que como consecuencia disto, o pleno municipal correspondente a dito asunto é nulo de pleno dereito por imperativo do art. 62 da Lei 30/92.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Os concelleiros Xose Antonio Araújo Quintas e Pauliño Damián Del Río Iglesias manifestan no seu recurso o seguinte:

- a notificación da convocatoria da comisión informativa 10-13 debería terse realizado dous días hábiles antes da súa celebración e non 24 horas antes; que recibiron dita notificación por correo electrónico ás 14.00h cando deberían tela recibido no seu domicilio; todo elo impediulles o dereito de participación nos asuntos públicos e o acceso ao expediente; que como consecuencia disto, o pleno municipal correspondente a dito asunto é nulo de pleno dereito por imperativo do art. 62 da Lei 30/92.

FUNDAMENTOS

Mediante acordo plenario do 16/01/2014, aprobouse por maioría dos concelleiros e concelleiras da oposición a proposta formulada polo concelleiro Pauliño Damián Del Río Iglesias, vinculada á defensa do seu voto particular formulado na comisión informativa, cuxo contido era o seguinte:

Estimar os recursos de reposición interpostos polos concelleiros e concelleiras non adscritos con rexistro de entrada do 07/12/2013, con números 7126 e 7127.

Visto o indicado pola secretaria municipal no seu informe do 17/12/2013, que literalmente di:

“O artigo 67 da Lei 30/92, de 26 de novembro, prevé a figura da convalidación para emendar este tipo de vicios procedimentais. A convalidación dos actos administrativos só é posible cando se trata de actos anulables. A convalidación consiste en emendar os defectos dun acto anulable. No caso que nos ocupa consistiría en volver a ditaminar o asunto pola comisión informativa correspondente convocada en prazo, e incluílo novamente na orde do día do Pleno. O art. 67.2 LRJAP sinala que o acto convalidado producirá efectos dende a súa data. A retroactividade é esencial á emenda, xa que se lle privamos deste efecto retroactivo, o único que teríamos sería un acto administrativo novo que aproveitou os actos de trámite válidos. Convalidado o acto a través dun novo acordo plenario, os seus efectos se retrotraen ao primitivamente adoitado.”

Polo exposto, propoño ao pleno deste concello, unha vez ditaminado novamente dito asunto:

Primeiro.- Retrotraer o procedemento de referencia ao momento en que foi sometido a aprobación plenaria de data 07/11/2013 e someter novamente o asunto a aprobación plenaria, previo ditame da comisión informativa correspondente.

Segundo.- Renovar a encomenda de xestión depositada no seu día na deputación provincial de Pontevedra para a realización do servizo de recollida e tratamento de vehículos fora de uso, ata o 17 de abril de 2015.

Segundo.- Darlle traslado deste acordo ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar para a aprobación e sinatura de dito convenio.

DELIBERACIÓN

Sr. del Río: Grazas Sr. Alcalde, referente, non vou a comentar nada do que acabo de escoitar porque xa non é nin procedente nin paga a pena, simplemente decir o seguinte en canto á renovación do contrato administrativo do convenio asinado entre este Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra. Na documentación posta á nosa disposición no Pleno que se trouxo isto por primeira vez, creo que foi en outubro ou novembro, se remite por parte da Deputación de Pontevedra un convenio de colaboración entre a Deputación e os concellos menores de 50.000 habitantes, o caso do tema de Gondomar. Na cláusulas obxecto do convenio aparece o Concello de Gondomar por medio de acordo plenario de data 26 de marzo de 2010 autoriza á



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Deputación de Pontevedra a recoller estes vehículos. Eu non teño nada claro de cal é este acordo plenario de data 26 de marzo de 2010. Tamén é evidente que o obxecto do convenio da Deputación de Pontedra, Sociedade Vigoto 1 S.L. é distinta da que no seu momento se lle fixo o convenio de colaboración. En canto á duración do convenio fala de que terá unha duración coa empresa adjudicataria do servizo ata o 15 de abril de 2015. Eu non teño isto nada claro, que significa este tema porque o remate do anterior convenio foi en maio de 2013, maio de 2013, estamos en xaneiro de 2014 se produza o Pleno en outubro, novembro de 2013, seis meses despois de que rematara este tema e se isto se debería de tratar como unha acomodación ou coma unha prórroga non o teño absolutamente nada claro evidentemente polo que nós en vista de que non temos nada claro a forma xurídica empregada para a renovación deste contrato ímonos abster, grazas.

Sr. Ferreira: Gracias. Ben, a nosa postura quedou clara no anterior Pleno onde isto ademais dera o seu debate e naquel momento denotábase varias contradicións na redacción do convenio, etc., eu non quero redundar nelas pero seguimos tendo as mesmas, a modo de exemplo e para non estar demasiado tempo falando do mesmo, só dicirle que dentro da documentación que vostede aporta a este convenio só lle vou a dar un dato onde os datos que recolle de campo, preguntáselle: conta o Concello con depósito municipal?, e contesta si, eu dígolle que non, ou Concello non ten depósito municipal de vehículos, o Concello deposita os vehículos que retira da vía pública do recinto de Deputación sen que exista un convenio entre ambas administracións, simplemente se fai por costume, porque se viña facendo dende hai moito tempo, empezou meténdose un coche e acabou convertíndose iso nun depósito ilegal onde se amontoan os vehículos de maneira ilegal a pesar de que próximo ao mesmo están as vivendas dos gardas civís e que canto menos as administracións deberían dar exemplo sobre..., pois iso, medio ambiente, entón dicirle, o Concello de Gondomar conta con depósito municipal alcalde, por si non o sabe que leva aquí tres anos, non, non ten depósito municipal de vehículos, deberían vostedes rectificar iso porque están desvirtuando ou falseando datos nun documento público, ollo con estas cousas, máis abaixo séguese a dicir "conta o Concello con grúa municipal?" e vostede di si, eu dígolle que debe rectificar, o Concello o que ten é os servizos dunha grúa privada que cando é requirida polos servizos da Policía Local, sempre que esta poida ou queira vir, cúbrese o servizo e lle factura ao Concello pero tampouco podemos estar falando de que o Concello teña unha grúa e un servizo de retirada de vehículos, unha grúa municipal, iso tamén aparece reflectido aquí, volvo a reiterarlle, estes datos debería corrixirse ou canto menos explicar porque se poñen e así sucesivamente, se imos a redacción do convenio, non me coinciden as datas de aprobación do acordo, unha en marzo, outra en xullo, 2001, 2010, pero bueno, á marxe disto, mire, para retrotraerme ao momento daquel pleno que xa explicamos porque nos abstínamos neste punto e para adiantarlle tamén que imos facer o mesmo, non querer saber nada do que vostede vai a aprobar hoxe aquí porque isto é unha trapallada, falando claro, por os motivos que antes expuxen eu e outros que tamén expuxeron outros compañeiros, dicirle novamente que volve vostede a ser pouco hortodoxo coas formas e cos modos de levar a cabo a aprobación dos puntos da orde do día e da redacción de temas tan cruciais e importantes como son os convenios, sobre todo se temos en conta que está en auge aquilo de "hoxe en día debate político, ata que punto a externalización de servizos, é algo ao que se lle debería pór cortapisas ou non", caso de Pokemon, Picachu, e todas esas cousas que nos afecta, pois vostede agora colleu a dinámica de elaborar e aprobar convenios e externalizar servizos á lixeira, canto menos se o fai porque é vontade deste Goberno, fágao, fágao cos seus votos non cos votos do Partido Socialista nin co voto a favor do Partido Socialista, fágao pero preocúpese canto menos de darlle legalidade ao que fai porque isto sinceramente está mal, teño que dicirlllo, moitas grazas, nós imos a abstermos e non imos querer saber nada deste convenio nin da súa aprobación. Moitas grazas.

Sr. Gómez: Boas noites a todos e a todas, imos ver, eu xa no anterior Pleno manifestei a miña postura que era a prol e bueno, máis ou menos aquí o Sr. Ferreira case me vai dar un pouco a razón, non, non seu día dixen que o Concello de Gondomar non ten un depósito de vehículos,



non ten grúa, pode ter un servizo contratado pero bueno, se hai problemas, neste caso, se os ten a Deputación coa empresa, que son eles quen o contratan e neste caso teñen un espazo onde depositan os coches abandonados, cantos problemas tería o Concello se ten que facelo o Concello, polo cal eu penso que iso, non temos servizo grúa, non temos un depósito nin nada o mellor é que o siga facendo a Deputación, a empresa que contrata a Deputación como fixo ata o de agora polo menos a Deputación ten un espazo aí, ao mellor non é o máis idóneo nin nada diso, estou un pouco de acordo co Sr. Ferreira e co Sr. del Río de que o contrato está pouco claro pero neste momento eu penso que a mellor opción é que o siga facendo a Administración que o facía ou a empresa que facía por mediación desa Administración polo cal o meu voto vai ser a prol. Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioría absoluta dos seus membros (09 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL e 01 do Grupo mixto; 08 abstencións: 02 do Grupo municipal do PSOE e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as; e ningún voto en contra) acorda aprobar a proposta antedita.

3. RETIFICACIÓN DE ERRO ADVERTIDO NO TRAZADO DUN CAMIÑO NO INVENTARIO DE BENS PÚBLICOS.

Pola voceira do Grupo do Partido Popular dase lectura a proposta de Alcaldía de data 17.01.2014, que literalmente di:

O día 11/04/2012, Rosalía Alonso Fernández solicita a retificación do trazado realizado no inventario de bens municipal, do camiño público con número de inventario 252, por canto non se axusta á realidade.

O día 21/02/2013, o arquitecto municipal emite informe indicativo da necesariedade de modificación do grafiado do camiño no inventario, por canto non se axusta á realidade, tal e como consta no plano topográfico asinado polo propio arquitecto municipal, elaborado por TOPOINSA, e con data 20/09/2013, dito técnico municipal elabora a nova ficha de inventario descriptiva de dito camiño.

Á vista do exposto, e consorte o informado pola secretaria municipal, propoño ao pleno deste concello o seguinte acordo:

Retificar o erro advertido no inventario municipal, en relación ao trazado do camiño público número 252, do xeito indicado plano elaborado por TOPOINSA e asinado polo arquitecto municipal, e incorporar ao inventario a nova ficha descriptiva de dito camiño que é a seguinte:

*Inventario de Bens
Concello de Gondomar*

EPÍGRAFE 1º - BENS INMOBLES
GRUPO C – VIAS PÚBLICAS

Nº de orde do inventario 1032
Nº de orde do Grupo 0000000737

Datos da propiedade

Nome:	CAMIÑO Nº 252	Zona:	BO. CERNADA	PQ. VINCIOS
Carácter do domini:	PÚBLICO			
Procedencia:	OUTRO	Clase de documento:	Data do documento:	

Orden	Tramo	Itinerario
1	A-B	Comeza en: PISTA DA TORRE Pasa por: Termina en: RÍO ZAMANES



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Calzada:	Ancho:	2,30	Lonxitude:	403,00	Firme:	Terra
Cuneta:	Sen perfilar		Estado:	Regular	Valor:	1700,26
Beirarrúa:	Ancho:	0,00	Lonxitude:	0,00	Solado:	
Bordillo:			Estado:		Valor:	0,00

Orden	Tramo	Itinerario				
2	C-D	Comeza en:	TRMO A-B			
		Pasa por:				
		Termina en:	PISTA DA TORRE			
Calzada:	Ancho:	2,20	Lonxitude:	212,00	Firme:	Terra
Cuneta:	Sen perfilar		Estado:	Regular	Valor:	825,07
Beirarrúa:	Ancho:	0,00	Lonxitude:	0,00	Solado:	
Bordillo:			Estado:		Valor:	0,00

Outros datos

Datos de contabilidade:
Observacións: Plano 3-5

Valoración

VALOR DA VÍA PÚBLICA: 2525,33

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas alcalde; simplemente para dicir que o Partido Socialista vaise a abster neste punto; consideramos ademais que está visto polo Goberno, que conta ademais co informe do arquitecto e nós imos absternos e que fagan vostedes o que consideren que coñecen o expediente máis polo miúdo. Moitas grazas.

Sr. Gómez: Imos ver, eu simplemente manifestar a miña postura, efectivamente ten un informe favorable do técnico, do arquitecto neste caso e bueno, imaxínome que está ben, imaxínome que vostedes o terán máis claro, expediente ao fondo pero bueno tendo o informe favorable, neste caso do arquitecto, pero bueno, eu voume abster neste punto. Nada máis, grazas.

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde, nós imos a votar a prol desta rectificación, é unha rectificación proposta por uns veciños que viven no camiño, contan cos informes preceptivos dos servizos correspondentes do Concello de Gondomar e a maiores o noso Grupo visitou ese camiño e mirou que efectivamente había un erro material na grafía dese camiño e polo tanto consideramos que hai que modificar o Inventario de camiños, axustalo á realidade e votar a prol. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioría absoluta dos seus membros (13 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL e 05 de concelleiros/as non adscritos/as; 04 abstencións: 2 do Grupo municipal do PSOE e 01 do concelleiro non adscrito Eladio Costas Pereira e 01 do Grupo mixto; e ningún voto en contra) acorda aprobar a proposta antedita.

- CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CON UNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
G O N D O M A R
(Pontevedra)

E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LOIMPOS, NOS DITOS CONCELLOS.

Pola voceira do grupo do Partido Popular dase lectura a proposta de Alcaldía de data 03.02.2014, que literalmente di:

O día 09 de maio de 2001, este concello asinou coa entidade GESECO, un contrato administrativo para a xestión do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, polo prazo de 10 anos, podendo prorrogarse por trienios ata un máximo de 25 anos, operando automaticamente a prórroga cando o contrato non fora denunciado por algunha das partes cunha antelación mínima de tres meses ao vencemento de candanseu dos prazos.

O propio contrato establece que "Nembargantes, a presente concesión quedará prorrogada ata o intre en que a nova empresa concesionaria ou o Concello ou outra administración se faga cargo da prestación dos servizos, sendo esta prórroga de acatamento obrigado para o concesionario ata un máximo de seis meses".

En dito contrato pactouse como data de comezo do servizo o 10 de maio de 2001, polo que a finalización dos dez anos produciuse o día 10 de maio de 2011. Nembargantes, o contrato a data de hoxe está en vigor ao abeiro da prórroga automática antedita.

Á vista de ditos antecedentes e vista a proposta de convenio que a Deputación Provincial de Pontevedra está prantexando a diferentes municipios, este goberno considera oportuno para o interese xeral e para unha mellor prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables e a xestión do punto limpo, adherirse ao mesmo.

O convenio formulado pola Deputación foi sometido á fiscalización preceptiva e previa da secretaria e da interventora municipal, xa que o mesmo prevé unha delegación de competencias municipais a prol da Deputación, que esixe maioría absoluta do Pleno municipal, por ser este último o órgano competente para a súa aprobación. Dito convenio foi fiscalizado polos servizos xurídico e económico da Deputación de xeito favorable.

PROPOÑO ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

- a) *Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra, as competencias municipais previstas na proposta de convenio obrante no expediente, relativas ao servizo municipal de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, e a xestión do punto limpo de Gondomar.*
- b) *Darlle traslado deste acordo ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar para a aprobación e sinatura de dito convenio.*

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas. Interesa a esta parte alcalde que, eu non sei se entendín ben pero a voceira dicía que conta cos informes favorables da Deputación, (...) vale, vale, vale, perdón, é que era a miña dúbida que me parecía a min que había unha contradición entre o que estaba lendo eu e o que estaba escoitando, entón que mellor que preguntar para aclarar eses temas, e que mellor que empezar por aí, explícome, mire, hai que dicilo, vostede pretende darlle á Deputación mediante este convenio todas aquelas competencias e responsabilidades nesta materia de recollida de residuos, etc., etc., para o Concello de Gondomar, pretende facelo a traves deste convenio que o primeiro que vimos denunciando, xa llo dicimos reiteradas veces, é que vostede dalgunha maneira eu creo que, polo menos a este Grupo municipal, non vou dicir á Corporación, lle falta ao respecto das formas de proceder, un tema tan crucial e tan importante como é un convenio entre a Deputación e o Concello para a recollida do lixo e do montante ademais económico que estamos a falar e ademais do servizo que temos que prestar e ademais se temos en conta que xa hai unha empresa, e ademais se temos en conta que imos ter que entrar na subrogación ou non dos empregados que ten esta empresa para a outra empresa, que vai pasar con iso, etc., etc., deberíamos tomar as cousas con máis detenemento,



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

me explico, vostede na Comisión Informativa que tivemos o luns pasado, a iso da 1.30, 2.00 da tarde, ao remate da mesma introduce da propia Comisión este convenio e pretende como así o conseguiu porque ten maioría na Comisión meter este punto na orde do día para que hoxe fose debatido, aprobado ou non, para empezar, cremos ademais, estamos convencidos que esas non son as formas de actuar dun goberno responsable, primeiro, aos demais corporativos, cando se trata disto, hai que darlle tempo para que poidan valorar as circunstancias e as características do convenio, hai que darlle tempo para que falen co seu propio partido, coa xente, etc., etc., e vostede o luns entréganos esta documentación, introduce este punto de urxencia aquí e en tres días escasos pretende que tomemos unha decisión sobre o tema da recollida do lixo, así á lixeira e tal, isto dun goberno con maioría absoluta ou consolidada podería ser incluso aceptable pero dun goberno como o seu é canto menos arriscado, eu non sei o que vai pasar aquí hoxe pero voulle dicir, pola nosa parte, polo Partido Socialista, non estamos de acordo para nada que hoxe se aprobe aquí este convenio, explícome, non quero nin imos querer que se aprobe así porque quedan moitas cousas sen clarexar, quedan moitas cousas sen clarexar, entre elas pois bueno, vendo aquí a moitos dos empregados da empresa actual que vai pasar con eles, por exemplo e por exemplo este convenio non establece as limpeza de viales, etc., etc., non sei quen as van asumir, se as van asumir os funcionarios do propio Concello, porque non, porque si, estas cousas hai que matizalas, estamos falando dun tema crucial como é a limpeza viaria de todo un Concello con certa relevancia como é o noso, de 15.000 habitantes e en determinadas épocas estivais incluso de 25 ou 30, que se duplica, etc., etc., entón claro ante esta situación de que vostede aparece aquí con aleivosía e nocturnidade intentando meter un convenio aquí coa Deputación de Pontevedra, que canto menos a min non é por nada pero dáme que hai que ter certa prudencia e miralo con calma porque isto de ser primos irmáns tamén moitas veces dá que desconfiar, entón todo o que veña da Deputación de Pontevedra hai que miralo con lupa, que máis podería dicirle, pois unha cousa que é importantísima a ter en conta, vostede e que leva tres anos facendo sempre alegatos neste senso, nunca farei nada sen os informes técnicos favorables, interventora, secretaria, logo falaremos diso, cando interesa si, cando non interesa non, pero neste caso que nos ocupa a secretaria do Concello, asesora xurídica que está aquí perante todos nós e a interventora municipal que é a encargada das finanzas, das contas, dos cartos, a que ten o control da caixa, imos a entendelo así, nun informe plasman dunha maneira veraz, clara, fragante, manifiesta de que non procede adherirse a este convenio, é dicir, os informes de Intervención e os informes de Secretaría son contrarios, imonos saltar á torera a estas dúas técnicas do Concello que teñen a máxima responsabilidade de guiar ao Goberno pola senda da legalidade ou imos a desviarnos ou desdicirnos do que elas din, tirar por outro lado e seguir un ano máis e unha lexislatura máis que Gondomar siga aparecendo das primeiras páxinas de google cando se pon corrupción, pois mire para evitar que aparezcamos ao final da páxina ten que vostede ter en conta isto, cos informes dos técnicos municipais en contra ollo, porque logo lembrareirle ademais, ou lémbrollo agora, cando chegamos á aplicación dun acordo como a redución do soldo da corporación, vostede agárrase ao informe da secretaria que di que non se pode facer e iso é palabra de deus, porque lle interesa, porque lle interesa o informe da secretaria para non baixarse o soldo, pero cando agora a secretaria aparece cun informe e lle di: isto non se pode facer e a interventora tamén, se levanta o reparo, chégase aquí, se hai nove hai maioría, legalizamos e tiramos para adiante, iso temos que evitalo e temos que ter claro se o que se acorda aquí vale ou non vale, esa é unha discusión que poderíamos estar falando dela meses porque xa é reiterada e a vostede dálle igual, engrúñase de ombreiros e tira, polo tano, para acabar, eu só lle vou dicir unha cousa, este Grupo que lle fala, o Partido Socialista, xa llo dixen na Comisión, a vostede, dentro das posibilidades que nós temos, que son poucas, que somos dous representantes ímoslle a intentar canto menos a frenalo en seco, ímolo a frenar en seco porque non podemos permitir que vostede siga facendo política deste xeito, non podemos permitilo, polo tanto xa llo dixen e reitérollo, imos a votarlle en contra deste convenio polas razóns que expliquei, polos modos e polas formas, pola arrogancia e a prepotencia que vostede amosa cada día dos actos políticos que leva a cabo, e tamén lle digo e lle advirto, innda que son frases que xa se dixeron aquí noutras lexislaturas, vostede vai



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

acabar mal porque está coleccionando moitas causas no xulgado, preferentes, contratacións, si, si, non poña esa cara, contratacións da ludoteca, cos informes en contra dos funcionarios, tal, incumprimento dos acordos plenarios da redución de salario, pago deses salarios mediante resolución a sabendas da súa inxustiza, pa, pa, pa, pa, iso chámase prevaricación, bueno, alá vostede, alá vostede, eu só lle digo que nós non imos ser copartícipes disto, e o dicimos con todas as consecuencias, se nos equivocamos pagaremos por ela pero si acertamos benvindo sexa, non imos a entrar nisto, vostede o que tiña que facer era coller este convenio e volver a metelo no caixón, analízalo, falar cos grupos políticos e traelo aquí cando esté maduro porque se está xogando moito, estase xogando a limpeza, a responsabilidade e sobre todo os cartos de todos nós que llos vai dar á Deputación para saber, sabe deus o que van facer con eles, e acabo, sabe que é verdade, está a tempo de retiralo como fixo noutras ocasións, fágao alcalde, retire isto, nós imos votar rotundamente en contra. Moitas grazas.


Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde. Imos ver, o tema é complicado, o tema do lixo en Gondomar é un tema complicado, non sei por que é un destes temas que sempre saen revirichos, que diríamos, imos ver, todos sabemos a dificultade que conleva a xestión dos residuos sólidos urbanos, todos sabemos os problemas que a recollida do lixo ocasionou, non dende este mandato nin do anterior, eu diría dende practicamente do segundo ano da concesión do servizo e da situación peculiar que ten neste momento a concesionaria que acumula pagos feitos de xeito, cando menos recoñecementos extraxudiciais de crédito, ou cando está actuando *manu militare* cun recoñecemento dunha situación de desequilibrio económico-financieira, que tres interventores distintos e en tres épocas distintas dixeron que non era certa e que sen embargo se lle está recoñecendo. Por outro lado debemos de establecer que este servizo, que é un servizo esencial e obrigatorio para este Concello no que aquí estamos, verdade?, é á parte do león do capítulo dous, evidentemente, estamos falando dun montante de máis de 800.000 euros a maiores todos estes contratos extras, recoñecementos extraxudiciais por diferenzas nada claras e que son informadas, é dicir, estamos falando de 800.000 euros mínimo sobre un capítulo II que está en 2,6, 2,7 millóns de euros, é dicir, unha parte significativa do capítulo II lse a leva esta recollida de residuos sólidos urbanos, que quere dicir isto, que temos que tratar o tema cunha certa seriedade e serenidade e sobre todo cun criterio de prudencia que permita avaliar perfectamente a situación e tomar as medidas mellores para as arcas municipais e para os veciños e veciñas que son os últimos destinatarios deste servizo esencial que se dá a través da concesionaria. O que chama a atención en primeiro lugar é unha vez máis a falta de eficacia e eficiencia do Sr. alcalde, mire, vostedes trouxeron este acordo plenario, este acordo, a un pleno de xuño de 2013, é dicir, case cun ano de antelación, a prórroga remata en maio de 2014 para que esta prórroga que é a última que pode facer a concesionaria e para tratar de solventar esta situación, curiosamente vostedes trouxeron este punto ao pleno e o retiraron, así de claro, sen ningún tipo de explicación pola súa parte e agora, á tres meses vista da definitiva suspensión do servizo cando menos contractual que ten e nas condicións marcadas na concesión que ten a empresa concesionaria, a tres meses visto vostede trae aquí unha delegación de competencias ou unha asunción de competencias por parte da Deputación na que logo entraremos, pero sabe como o fai, o máis asombroso deste asunto e que mostra a eficacia e a eficiencia do seu traballo, que non hai ningún tipo de estudo económico sobre a situación deste servizo e canto lle vai custar aos cidadáns este cambio de prestación do Concello á Deputación e vostede como comprenderá, cando estamos falando de 800.000 euros que entre pitos e flautas ímonos a 1.000.000 de euros, traer isto aquí ao Pleno sen un estudo económico do que supoña a delegación pois indica cando menos unha irresponsabilidade bastante gorda, como punto de partida, claro isto é unha forma de dicir, sacámonos o problema de enriba e que pague o cidadán e así eu non me complico a vida, dende ese punto de vista, de quitarse os problemas de enriba supoño que dende a súa lóxica de que é evidente de que o traballo da acción do Goberno sobarda, non da feito, pois evidentemente canto menos cousas teña pois mellor, pero claro estamos falando dun servizo esencial, de mogollón de cartos e como vai quedar este servizo en mans doutra administración sen un estudo económico e financieiro que diga "partimos de aquí, esta é a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

posible situación e imos chegar aquí e estas son as vantaxas e os inconvintes, a nivel económico” e non o di, e non hai un estudo económico, o único que di son cousas preocupantes, é dicir, vostedes van delegar unha potestade que cando menos existen dúbidas de que se poidan facer e lla van dar a outra administración que non é a nosa, que estamos todos aquí, unha vez delegado isto non imos poder dicir nin papa como representantes dos veciños e veciñas de Gondomar, que iso é o grave do asunto, onde a Deputación, se lle arroxa á Deputación a potestade de subir, baixar, incrementar ou facer o que lle dá a gana coa taxa do lixo e a nós quedanos unha única cousa que facer, e sabe cal é, pagar, pero nós non imos ter potestade para dicir, eh!!, que iso é moi caro, eh!!, que ese servizo é ineficiente, eh!!, que aquí non se recolle aquí e alá, nin sequera imos poder dicir cales son as competencias ou cal vai ser o prego de condicións que se vai a elaborar e a aprobar para concesionar ese servizo, o único que imos facer, repito, vai ser pagar, bueno, pois está ben, é estupendo pero permítame que a nós nos resulte cando menos complicado de entender, resúltanos complicado de entender como punto de partida este asunto, que unha parte significativa dos ingresos dos cidadáns de Gondomar van a pagar o lixo a través dos seus impostos, xa non imos a entrar no tema da taxa, no tema do desequilibrio, etc., etc., e nós, nós, os dezasete que estamos aquí ou os dezasete seguintes que teñan a sorte ou a desgraza de desembarcar aquí, non van poder dicir nin “mu”, e vostede fai isto sen ningún tipo de estudo e cun informe demoledor en contra de Secretaría e de Intervención, bueno, podería dicir que me sorprende, pero non me sorprende, porque é a súa forma de actuar, unha forma de actuar cando menos, permítame a expresión, temeraria, temeraria para os asuntos públicos, veremos despois as consecuencias que ten esa temeridade pero isto é en principio de onde hai que partir, e é un punto importante porque se de aquí se saca o poder de decisión desta Corporación nun tema tan importante e se de aquí se saca que sabemos a ciencia certa canto nos vai custar este servizo, evidentemente estamos nunha situación que evidentemente imos a empeorar porque nós non imos ter os mecanismos que a lei pon ao alcance do Concello, da Administración Local para, primeiro, elaborar un prego de condicións de acordo co Concello de Gondomar senón de acordo a un prego de condicións provincial onde cada concello terá as súas necesidades, correcto, veremos como se fai ese prego de condicións e como se adecúan despois onde se lle faculta á Deputación a aprobar, primeiro, unha ordenanza provincial da taxa de recollida do lixo, cousa que ver a legalidade disto, cando non é unha competencia propia da Deputación porque a recollida de residuos sólidos urbanos non é unha competencia da Deputación, é unha competencia do Concello, e o establecemento dunha ordenanza fiscal é competencia do Concello, non da Deputación. Dito isto como de xeito introductorio resulta curioso como vostedes fan a proposta de Alcaldía, ás veces alguén, pois é inevitable que o subconsciente se vaia por aí a outro lado, di vostede, e leu por aí perfectamente a Sra. Durán “o convenio formulado pola Deputación foi sometido a fiscalización preceptiva e previa da Secretaría e da Intervención Municipal xa que o mesmo prevé unha delegación de competencias municipais a prol da Deputación que esixe maioría absoluta do Pleno Municipal por ser este último o órgano competente para a súa aprobación. Dito convenio foi fiscalizado polos Servizos Xurídicos e Económicos da Deputación de feito favorable”, efectivamente, pero cal foi o sentido do informe de Secretaría e de Intervención, na proposta de Alcaldía non o di, evidentemente remarca, remarca que os técnicos da Deputación fixérono de forma favorable, de Secretaría e de Intervención nada se di, se obvia que foi en contra, ás veces hai silencios a verdade que se escoitan moito e un é destes porque o informe realmente establece moitas cousas de aí, podemos empezar por exemplo co tema do Regulamento de organización e funcionamento, verdade?, que é moi usado polo tema este, do artigo 50.19 que di “son competencias plenarias a aceptación da delegación de competencias feitas por outras administracións públicas” e se basean nisto para traer isto ao Pleno, pero é que aquí di, “da delegación de competencias feitas por outras administracións públicas”, non do Concello a outras administracións públicas. Ben, resulta curioso tamén o e-mail que se manda por parte da Deputación a este Concello, e di: “tal y como hablamos hace unos minutos, te envío el Convenio de la recogida de basuras con una serie de cambios que entendemos lo hacen viable desde el punto de vista de tu intervención”, é dicir, xa imos a facelo á carta, e entón que non che gusta o branco, pintámoscho de verde, bueno, está ben, está ben, isto é o



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

que temos aquí, fai referencia ao convenio na súa parte introductoria e entendo eu que é a parte introductoria porque non entra no clausulado, nunha delegación de competencias e cita unha serie de artigos tanto da Lei 7/1985 como do ROF como da Lei da Administración Local de Galicia, que non vou a numerar pero que curiosamente esta delegación de competencias que aquí fai de arriba a abaixo non ao revés, e isto é un problema moi gordo porque lle imos dar á Deputación o pleno control sobre este servizo cando non é competencia da Deputación e sen embargo usamos unha fórmula non xurídica para controlar a Deputación, é dicir, lle damos todos os instrumentos á Deputación para que faga a ordenanza, para que poña a taxa, para que poña o réxime sancionador, para que digo o recorrido que teñen que facer os camións, para establecer os traballadores e traballadoras que teñen que estar en cada servizo, etc., etc., pero, e iso é un réxime xurídico de contratos administrativos, cal é a fórmula de control que ten o Concello, un consenso básico que posibilite a súa execución, é dicir, buen rollito, é dicir, as facultades desta Comisión que se establecen aquí, as Comisións de seguimento son: ser informada, estupendo, coñecer as propostas, estupendo, informar de calquera modificación, informar de supostos de resolución e ser oída, agora hai algunha cláusula da Comisión que sexa imperativa, ningunha, hai algún poder que poida ter a Comisión que son os distintos concellos que van delegar na Deputación para dicirlle á Deputación estaste pasando, ningunha, deixamos isto en mans da Deputación, e digo eu, que ao mellor é boa idea, pero cuidado, feito sen estudo económico, á prisa e correndo e dándolle competencias que ao mellor non debe de ter, permítame dicirlle que é bastante intragable isto, bastante intragable. Mire o aumento da taxa di: "como queira que a adhesión ao presente convenio suporá na maioría dos casos un aumento do importe da taxa que actualmente cobran os concellos establécese un réxime transitorio ata o 2016" e a partir do 2016 evidentemente a Deputación establecerá a ordenanza fiscal provincial e que vai pasar de aquí ao 2016, que todos os concellos terán que incrementar a taxa para adecuala a da ordenanza provincial e que vai a aumentar non o digo eu, dío a Deputación, ao mellor nós somos dos escasos que non vai a aumentar, ao mellor. Fala de que o seu importe cobra o custe do servizo e ademais di: "a maiores", a maiores se non era xa suficiente darlle a parte do león á Deputación no Capítulo II, a maiores, a través deste Convenio delegamos tres cousas que son, o Catastro, o IBI e o IAE, agora hai moitos concellos que teñen delegados o cobro, non a ordenanza que é competencialmente do concello, pero si a xestión do cobro á Deputación, pero da mesma maneira que se lle dá se lle retira, desta maneira ímoslle dar a recollida de residuos sólidos urbanos, ímoslle dar a xestión do punto limpo, pero a maiores a xestión catastral e o IBI e o IAE, e despois non imos poder dicir, non mire, imos a xestionar nós, imos levar nós o tema do IBI, do IAE, ou da xestión catastral, porque ata agora estivo ben que o fixera a Deputación pero agora interésanos a nós facelo mellor, xa non poderemos, xa non hai volta atrás, tendo en conta que cidadín, que aquí se establece que a duración deste convenio cal é?, 5 anos, 10 anos, 20 anos, cal é a duración do convenio?, indefinida, "hasta que la muerte os separe", indefinida, estupendo. Mire, xa que estou aquí, duración indefinida, despois xa é algo que resulta curioso, di na cláusula oitava, páxina 12 di: "Duración do convenio: o presente convenio ten unha duración indefinida", novena, cláusulas de resolución do convenio: "b) Por denuncia de calquera das partes formulada cunha antelación mínima de tres meses ao remate do período contractual da prestación do servizo provincial", e cal é esta?, a da empresa, ou a da Deputación?, porque se é a da Deputación é a Deputación, o convenio ten duración indefinida dificilmente imos poder ter tres meses antes da finalización de algo que non ten fin, a non ser que evidentemente se refira o período contractual da concesión con algunha empresa determinada, co cal se contradí coa duración do Convenio que non pode ser indefinida, outra chapuza evidente que hai aquí, non me vou a molestar porque vostedes xa o saben, verdade?, o que lle imos dar á Deputación, ordenación do servizo incluído o establecemento ou modificacións da súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora, é dicir, que van ser os señores deputados provinciais que van dicir como, cando e canto imos pagar os veciños e veciñas de Gondomar, non os concelleiros e concelleiras de Gondomar. A elección da forma de xestión do servizo, tamén vai ser unha competencia que agora temos nós e que vai ser da Deputación, se vai ser a través dunha xestión directa ou a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

través dunha concesión, iso tamén vai a ser, "a planificación do servizo establecendo a tal efecto rutas, calendario de recollida, localización de colectores e condicións da prestación, así coma a planificación e programación dos investimentos" e imos poder dicir nós algo disto, non, vaino dicir a Deputación, vostede cando lle veña un veciño a dicir por que non está o Sr. concelleiro delegado do servizo, supoño que, bueno algo falaremos dos seus cartos, unha vez que nós retiremos este servizo, esa adicación xa tarará que te vi, pero bueno, o que é evidente e que que imos a facer, non mire, e que quero un colector, mire, vaia falar co Sr. Louzán, iso lle imos a dicir aos veciños e veciñas?, porque vostede non vai ter potestade para cambiar ou deixar de cambiar, a Deputación vai ser quen ten a competencia para facelo, que vai facer o Sr. alcalde, nada, bueno, visto o visto ata agora igual non é ningún cambio, pero bueno, polo menos imos a gardar as formas, a potestade sancionadora *idem de lienzo*, incluso a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de residuos sólidos, nós non temos nada que pintar aquí, igual a organización dos traballos de recollida e tratamento e a resolucións das reclamacións que tamén vai haber que ir á Deputación a dicirlle, mire que ese colector cheira mal, póñame outro colector de lixo, vaia á Deputación de Pontevedra, mentres vas e vés, como diría a miña avoa está o camiño con xente e mentres tanto vostede encantado da vida, encantado da vida, e a xestión dos puntos limpos por outro lado, bueno, a verdade é que cando unha cousa funciona non sei porque se debería de cambiar e en Gondomar a verdade é que a xestión do punto limpo funciona e funciona ben, é curioso que na maioría dos concellos tamén é algo, a xestión do punto limpo é algo que teñen á parte da recollida de residuos sólidos urbanos, por algo será, ó mellor funciona doutra maneira mellor, nós non só lle imos dar iso, ímoslle dar a xestión do punto limpo, algo que ata o de agora funcionaba ben, veremos como funciona nun futuro, non o sabemos, non o sabemos, pero é evidente que tamén se vai cambiar algo que ata o de agora parece que foi un acerto das distintas administracións municipais. Ben, isto é todo o que lle imos dar e logo evidentemente o traspaso de medios persoais e materiais adscritos ao servizo, outra tomada importante neste tema, verdade?, porque di: a partires deste momento o personal dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, bueno entendo eu, se se opta por unha xestión de concesión, se se opta por unha xestión directa esta cláusula non tería que aparecer aquí, pero bueno, imos obvio, dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria e por ende esta terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de emprendedor, claro, xa sabemos o que pasa coas macroconcesións, verdade?, abaratamos custos e despedimos xente ou lle reducimos o salario un 30%, diso hai exemplo por toda a xeografía do Estado de como funcionan as macroconcesións administrativas para abaratar custos que logo é como sempre a custa das traballadoras e dos traballadores do servizo, non sabemos o que vai pasar aquí pero evidentemente se lle faculta, se lle faculta á empresa concesionaria a facer o que lle dá a gana, nin sequera respectar ao mellor o convenio que teñen actualmente, porque nada diso se di, se di que se subrogará, punto pelota, pero a partir de aí traballaredes noutra cousa e, que tampouco aparece aquí nin sabemos se vai a aperecer ou non no prego de condicións, imos supoñer, as traballadoras e os traballadores vanse adscribir a esta concesionaria provincial, pero onde van traballar, imos a poderlle despois garantir que van a traballar no termo municipal de Gondomar ou como hoxe necesito un reforzo en Pontearreas, te mando para Pontearreas, mañán mándoche para Oia e pasado mándoche para Chandebrito, a empresa pode facelo, todos sabemos que dende a última reforma laboral, verdade?, impulsada polo seu ilustre Goberno, a calidade das condicións laborais das traballadoras e traballadores gañou moito e unha das cousas é, pois imos a traballar máis e a cobrar menos que todos temos que arrimar o ombro, pois isto está aí e isto non sabemos o que vai pasar, vostede está en condicións de garantir que as traballadoras e traballadores da concesionaria do lixo que se subroguen non van a acabar traballando noutro concello, eu lle digo que non o vai poder garantir, por que?, porque iso vai ser competencia da empresa concesionaria do servizo, así de clariño, e aquí o establece claramente, terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador a tenor da lexislación laboral e social vixente en cada momento, todos sabemos como funciona agora a mobilidade laboral nas grandes empresas, pois figúrese vostede nunha empresa onde ten que optimizar custos, ten os concellos que teña pero o seu ámbito territorial



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

vai ser toda a provincia e ao mellor alguen vai ter que facer turismo provincial, lle guste ou non lle guste. Ben, o convenio establece unha subrogación e fai unha diferenciación entre o persoal laboral e o persoal contratado pola empresa de servizos, establece que aquel que teña a condición de funcionario, ben sexa de carreira ou interino, ese evidentemente non se vai a subrogar nesta concesionario senón que vai seguir pertencendo ao cadro de persoal do concello correspondente pero a partir de aí ancha es Castilla, veremos que pasa, nada se di nin nada se especifica máis alá do que acabo de comentar con respecto aos dereitos e deberes do empregador. E que vai pasar con estes traballadores o día que isto se acabe, si, non me mire con cara rara Sr. Guitián e Guitián, pode ser que esta unión de concellos para mellor loa da Deputación Provincial, de repente digan, miren que é ineficiente e se devolva, iso pode ocorrer e poden volver as competencias ao Concello, é un horizonte que é esperable, non sei se previsible pero evidentemente está aí, é posible. Ben, aquí o establece, e di: de asumir a Deputación Provincial de Pontevedra a xestión directa do servizo en ningún caso poderá traspasar persoal contratado polo concesionario para tal fin, non teño que explicarlle que significa isto, creo que as cousas quedaron aquí meridianamente claras e en ningún caso poderá traspasar persoal contratado polo concesionario para tal fin á Deputación, se se lle adxudica o servizo a outra empresa externa evidentemente hai unha subrogación e se se produce a reversión da prestación do servizo, que pasa?, incorpóranse no concello nas mesmas condicións que o persoal laboral do concello, salvo que o persoal laboral temporal traspasado extinguiña o contrato formulado polo concello durante este período ou que o persoal fixo ou indefinido do concello optase por continuar na mesma empresa, é dicir, quedan en barbecho, quedan aí, en expectativa de destino, a ver que pode pasar ou que non pode pasar o día disto, de momento vanse a ir todos, non sabemos en que condicións, non sabemos a onde van ir, non sabemos nin o seu horario de traballo nin as súas relacións laborais porque non van depender desta Corporación que agora si o pode facer, verdade?, porque seríamos nós os que redactaríamos o prego de condicións, e daquela queda a expensas doutra administración e doutro empregador. E agora imos ao tema da taxa de recollida que é outro punto importante deste tema, bueno, aquí o di ben claro, hai que cubrir os custos e como, que pasa se non se cubren mediante a taxa os custos, pois mediante o incremento do importe das taxas, directamente, cláusula número quinta, réxime económico do servizo delegado, páxina 10, e evidentemente non vou repetir o tema de que non só vai a haber unha ordenanza provincial onde nós non imos a ter nada que dicir senón que se vai delegar con carácter indefinido a xestión catastral, o IBI e o IAE. Da Comisión de seguemento nada vou a dicir porque xa volo din, buen rollito, informámosvos do que queirades pero vós aquí non sodes arte nin parte neste asunto e non ides ter nada que dicir. Da duración, pois xa sabemos que é indefinida e xa sabemos a contradición que existe entre a denuncia de calquera das partes e a duración indefinida porque dificilmente se pode chegar tres meses antes de algo que non ten fin e, visto o visto, evidentemente, visto este convenio que xa de por si é un convenio leonino para o Concello de Gondomar, leonino nas súas condicións, se a isto lle sumamos o que dixeran ao principio da miña intervención de que non se acompaña dun estudo económico financeiro nin de custos sobre como vai resultar a xestión provincial e polo tanto estamos entregando un servizo básico do Concello ás cegas, sen saber exactamente o que, e onde os únicos dereitos que imos ter todas as veciñas e veciños e pagar relixiosamente a taxa do lixo e punto pelota, porque nós quedámosnos sen ningún tipo de competencia, este Grupo evidentemente vai votar en contra desta delegación. Grazas.

Sr. Gómez: Imos ver, eu antes de facer a miña intervención, manifestar a miña postura, quero facerlle algunhas preguntas ao alcalde, quero saber, se mo pode contestar, canto sería a duración deste contrato, se están asegurados os postos de traballo, a cláusula de subrogación que teñen cos empregados, se está asegurado na empresa que contrate a Deputación ou quen sexa, estes servizos, se están asegurados os postos de traballo, e tamén teño unha pequena idea que esto, bueno, neste momento hai un informe desfavorable de Intervención e Secretaría pero do anterior secretario e anterior interventor creo que había uns informes favorables, se mo pode, eu non os teño, se mo pode dicir. Nada máis de momento, grazas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. alcalde: Voulle contestar entón a vostede o primeiro. Pola última, efectivamente antes tiñamos un informe favorable do secretario e do interventor, si, que fora no Pleno aquel de xullo do 2013 que decidín retirar o punto porque inda que tiñamos uns informes favorables, eu entendín que non estaba tecnicamente armado ou suficientemente armado tecnicamente o expediente, por iso decidín retiralo. Con respecto ao tema dos traballadores, por suposto hai un anexo no convenio onde hai que poñer os traballadores que son con nomes e apelidos para que se subroguen, loxicamente, iso para nós é unha condición..., senón existe esa condición non imos ir aí. En canto a duración do contrato, efectivamente o convenio fala de indefinida pero claro, virá despois determinada polos pregos de contratación que faga a Deputación, normalmente isto se fai a dez anos para que a compra dos medios materiais, dos camións e tal sexa rendible para a empresa, menos duración é complicado porque non é rendible, é dicir, o custo do camión é tan grande que non son quen de amortizalo nese tempo, e tampouco dura moito máis porque precisamente os medios materiais a partir dos dez anos empezan a estar bastante mal, imos ver, nós traemos aquí este tema, efectivamente, a min non me convence traer este punto aquí a pesar de que en xullo tiñamos un informe favorable do secretario e do interventor, eu entendía que non estaba suficientemente armado tecnicamente, preferín retiralo naquel momento e traelo agora inda que vén cuns informes desfavorables da secretaria e da interventora, non me gusta nada traelo así pero entendo que teño que traelo polo seguinte: o contrato coa actual concesionaria remata e nós temos dúas opcións, poderíamos ter unha soa pero temos dúas opcións, unha opción sería esta que efectivamente xa en xullo o trouxemos pero ata o de agora non volvimos a traelo porque intentei que o convenio se axustara as díganos, condicionantes técnicas que me poñían tanto a interventora como a secretaria pero non fun quen de conseguilo, é dicir, inda que houbo conversas diversas non se conseguiu iso, bueno, unha vez que non se conseguiu, o tempo pasa, entón houbo que traelo, e unha opción é esta, é dicir, convenir coa Deputación, non a delegación da competencia senón o exercizo da mesma, e para nós, sempre que se cumpra o tema da subrogación do persoal e a pesar dos informes desfavorables que a min non me gustan e sempre o dixer, que non quería traer nada con informes desfavorables, non nos parece tecnicamente un mal feito de facelo, a nós non nos desgusta, ou a min non me desgusta, efectivamente non ten un estudo económico, hai que facelo, e en canto á taxa, claro que ten un réxime transitorio, é dicir, en principio a Deputación cobraría a taxa que teña o Concello, ata o 2016 e no 2016 pasaría a cobrar a taxa do custe real do servizo, pero o Concello pode subvencionar ese servizo como está pasando agora mesmo, agora mesmo efectivamente nos supón nun entorno de 800.000 euros de custo ao Concello porque os veciños non pagamos, no momento se nos dín, non é que a taxa..., nós formulamos aquí poñer unha taxa de 55 euros pero ben sabemos que a taxa é moito máis alta, é dicir, máis ou menos o dobre, o Concello seguriría subvencionando a recollida do lixo, no momento en que o colla a Deputación a Deputación nos dirá, o custo é este, a taxa ten que ser esta, pero o Concello e quen de subvencionar a parte que considere, como ata o de agora que subvenciona o 100%, iso é o que di a Deputación. Eu entendo que a Comisión de seguemento é unha comisión en canto ao control, suficiente, pero bueno, non digo que non poida ser mellor, por suposto. Bueno, esta é unha opción que temos, como para aprobala hai que traela aquí ao Pleno por iso se trae, e está na nosa man aprobala ou non aprobala, que se aproba esta opción, pois bueno, lle diremos á Deputación coas reservas que temos dos informes desfavorables, isto se aproba, que non se aproba, bueno, pois iremos á outra, a outra cal é?, xa volo contei, encargar nós o estudo económico e facer nós o concurso, nas mesmas condicións que se fixo no seu momento, bueno, as mesmas non, actualizado ao seu momento, esa é a segunda opción, nós, do que saia hoxe aquí, mañán tiraremos por un camiño ou polo outro pero eu entendo que a miña obriga e traelo aquí, e aguantar todo o que vostedes me din, que se está mal isto, aquilo, o de aquí ou o de alá, efectivamente, pero eu entendo que é unha obriga porque temos dúas posibilidades e considero xa que isto é unha competencia do Pleno que non teño porque tomar eu a decisión de ir por un camiño ou por outro, pois bueno, o traemos aquí, isto é do que se trata, a nós non nos parece mal, efectivamente quítalle ao Concello, como ben se dicía, non sei si problemas pero dende logo lle



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

quita unha serie de circunstancias pero eu entendo que o Concello segue tendo o poder, a competencia e dende logo o control do servizo, está na nosa man dicidir por un lado ou por outro, por suposto que eu non podo asinar este convenio e se iso fose así volvería a traelo aquí se non se subroga o persoal, o teño clarísimo, porque se o facemos nós imos a subrogalo, imos a esixilo, así de simple. Non sei se máis ou menos expliquei o que vostedes me preguntaron o que se dixo aquí. Máis comentarios?

Sr. Gómez: Imos ver, iso é unha base fundamental, a subrogación dos empregados, eu son partidario, imos ver, hai dous camiños a escoller, di vostede que mañán collerán un camiño ou collerán outro, se collemos o camiño individual eu son dos que digo que a unión fai a forza, e bueno, isto é o Concello de Gondomar, non é o primeiro que somete a sesión plenaria isto e se se sae favorable ou desfavorable non sería o primeiro tamén, neste momento hai 14 concellos que xa se uniron a esta iniciativa, bueno, a este acordo coa Deputación para que o contrate a Deputación e hai un montón deles, eu estiven falando con algún concello, eu levo todo o día facendo xestións porque é un tema preocupante para Gondomar, entón se mañán se colle o camiño de vostedes que son o Goberno, de facer esta contratación, eu creo que nos van torear porque neste momento nos están toreado xa, porque cada tres meses creo que haille que pagar 34.000 euros, eu non sei se é así, cun informe desfavorable sempre, levamos un montón de anos e se non llos pagamos pois non nos van a recoller o lixo e nos meterían nun problema como pasa en moitos concellos, entón eu penso que se isto se fai cunha contratación xeneralizada, neste momento son 14 concellos, dentro de pouco poden ser non sei cantos, eu penso que é importante, sempre coa cláusula de subrogación dos empregados, iso é unha parte importante, problemas os informes negativos neste caso de Intervención e de Secretaría, pero bueno, eu amparándome un pouco nos outros informes que houbo xa de Secretaría e de Intervención tamén, que foron favorables, e nestes momentos os dos Servizos Xurídicos da Deputación que foron favorables, eu amparándome un pouco nestes e vendo que bueno, a duración do contratato como di o alcalde poidan ser 10 anos e como dixen antes, cos infomes anteriores, o da suba é un problema para o ano 2016 que nos suba, pero bueno, de verdade máis ou menos si que me valen as xustificacións que me deu vostede porque se o facemos nós no ano 2016 ou no 2015 ou agora no 2014 vainos a custar bastante máis do que se vai pagar, unha parte a está poñendo o Concello, chegado o momento, no 2016 quen governe pode subvencionar a parte aos veciños que mire oportuno nese momento, polo cal sempre que vaia neste e amparándome nestes dous informes que había máis o informe dos técnicos da Deputación, eu estou pola labor de que isto se adhira á Deputación e que faga un contrato xeneralizado para 14, 15 ou para todos os que se den, eu neste caso vou votar a prol. Moitas grazas.

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, xa o dixen nun pleno, só faltaban os violinistas por atrás tocando, que música!, como me soa, pero mire, e que isto, non hai que entrar en temas tremendamente xurídicos ou semánticos nin hai que ser un experto para isto, hai que ter sentido común, e que ademais vostede cada vez que intervén, eu non sei, éntrame a dúbida se vostede quere verdadeiramente que se aprobe isto ou non, eu non sei se Manolo Gómez non lle acabará de facer a faena agora mesmo porque estou pensando que vostede o que quere xa é contratar vostede ao mellor porque lle interesa máis, é que non me explico porque despois da intervención que fixo, imos ver, no seu momento retirou isto da orde do día a pesar de que tiña o informe favorable de Intervención e de Secretaría e non obstante agora non o retira a pesar de que os informes son contrarios, primeira cousa que a min me sorprende, é dicir, cos informes favorables retírao porque non o mira claro, cos informes desfavorables manteno porque agora mirao claro, vostede ten un problema de concepto, pero bueno, ben, primeiro tema que non o ten claro. Despois di, se non me equivoco eu porque vostede di agora facemos este convenio aquí, asinámoslo e acordámolo e despois cando veña detrás o prego de contratación entón pómoslle data, pómoslle o nome dos que van traballar, non pasa nada, inseguridade xurídica, isto non, isto aquí asinamos un convenio, dámoslle todo a Deputación para que faga o que queira e despois xa nos dirán a ver quen vai a traballar de conductor, quen



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

vai atrás no coche e onde se pon o colector, o itinerario, o prazo, iso xa o facemos nós, vos aprobarnos o convenio que despois do resto xa nos encargamos nós, eu, Louzán e catro máis, esa é a súa política, e que non fai falta ser ningún lumbrera para isto, di, eu non estou moi de acordo con traelo aquí pero tráeo porque si, diga traíoo porque me obriga Louzán, senón mañán que teño Pleno da Deputación tírame das orellas, digo eu, aproveite, esténdase tamén, sexa un pouco xeneroso porque outra cousa, a data 2016, ata o 2016 digamos que bueno, aí quedamos nós con esta taxa, a ver como capeamos pero a partir desa data quen nos marca o prezo da recollida é a Deputación, entón non vos sorprenda que cheguemos ao 2016 e recoller o lixo por unha casa son 150 euros porque o di Louzán, non porque o diga Guitián porque para o 2016 xa non vai a estar, porque isto vai a acabar de fundilo, estou seguro ademais, xa veredes, e os que votan a favor tamén, dígollo aos socios e aos co-socios, porque isto vai a traer cola, isto vai a traer cola, o do lixo, pero bueno, a partir do 2016 xa nos dirán cal é o custo, pero non vos preocupedes, que si o Concello, se non compensa, a Deputación ten unha maneira de recadar, non me compensa a taxa do lixo, non se preocupe vou ao IBI e vou ao IAE e xa o saco de aí, dos tributos que vostede cobra, pero a Deputación vai cobrar, e que iso é así e que o di aquí claramente, é que podedes ir, décimo, réxime transitorio, e está aquí, non quería lérvolo para non aburrirvos e que non fai falta ser ningún experto, é dicir, a Deputación vai a cobrar, si ou si, se non chega o recibo do lixo que nós lle pomos ou que nos di, tranquilos que vai ao IBI e vai ao IAE e xa nolo quita e entón quedamos sen nada, sen colectores, sen limpeza, porannos uns máis lonxe e outros máis cerca e despois cando, isto e cojonudo para os alcaldes porque cando veñan a protestar os veciños o que lle din e, isto é da Deputación, se fose cousa miña mañán xa te puña un colector pero como isto é cousa da Deputación, isto lémbreme un pouco a aquilo de urbanismo cando lle pasaron a pelota a APLU, a Axenda de Protección da Legalidade Urbanística que así ides a protestar alí, pero agora cando empezan a tirar casas, escápaselle o tema das mans e queren escapar de aí, pois isto é un pouco iso, tamén de dicir, mira, e a Deputación, nós non temos nada que ver, se fose cousa miña, é unha pena, poderíamos estar falando... e que isto é cansino, dunha maneira máis xurídica, dunha maneira máis de senso común, pero dá igual, hai unha cousa que odio, cando un pai de familia non respecta e non pelexa pola súa familia para min é un mal pai, cando un alcalde non pelexa e non respecta e non valora ao seus veciños non merece o posto, e vostede, é que é verdade, e que non pelexa por nós, e que lle dá exactamente igual, e que lle vai a entregar isto a Louzán para que xestione como queira e vostede non pelexa por isto, lle dá exactamente igual polo tanto eu non lle podo dar un aprobado e menos votarlle isto en contra, e que lle dá igual, lle resbala, e ser alcalde é algo máis que ter o bastón de mando, é asumir a responsabilidade e tirar para diante e senón polo menos dar explicacións e vostede non as dá, navega constantemente e dálle exactamente igual, o que quere e acabar este Pleno e dentro dun mes xa virá outro e dentro dun ano pois xa marchará ou xa o votarán e aquí quedamos nós, pelexando polo colector, polo lixo e pola bolsa, nin máis nin menos, isto é o que hai. Grazas.

Sr. del Río: Bueno, se realmente nós tiñamos claro que íamos votar en contra, nestes momentos temos que votar dúas veces en contra se nolo permite, porque claro escoitalle a un alcalde dicir o que dixoo vostede aquí realmente xa non é un problema de ineficiencia ou ineficacia ou de xestión de Goberno, é un problema de pasar de todo, ou sexa, vostede non pode vir aquí, facer un cambio tan fundamental no capítulo II deste Concello, dicir que efectivamente estaría ben pero non hai informe económico, a min tamén me gustaría telo pero, a min gustaríame facer isto pero non pode ser, bueno, eu non vou a tomar a decisión, a decisión é do Pleno, claro que a decisión é do Pleno Sr. alcalde, a decisión é do Pleno porque o marca a lei non porque o diga vostede, entón lle guste ou non lle guste a decisión é do Pleno pero a iniciativa e súa e quen propón é vostede e polo tanto se se aproba a responsabilidade é súa porque vai votar a prol pero a parte propón esta solución para o lixo de Gondomar e parte desta Corporación vai respaldar unha proposta que é súa, a ver se se entera, proposta da Alcaldía, vostede non aterrou aquí, o alcalde de todos nós, e ten que asumir dunha vez ese cargo e esa responsabilidade, ten que asumilo, vostede non está aquí como se estivera nunha empresa, vostede é o alcalde e polo tanto cando se trae unha competencia plenaria non é



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

porque vostede graciosamente decida darlla senón porque hai que exercela conforme á lei, vostede non acaba de entender iso e posiblemente lle vai traer máis dun problema por tanto, vostede propón esta solución, evidentemente contará cos votos do seu Goberno e con alguén máis polo que aquí acabamos de oír, e con alguén máis, pero vostede non trate de desvincularse, non trate de dicir, e que había dúas posibilidades e veremos o que di o Pleno, non, non, vostede na súa acción de goberno é o que ten que propoñer, o que vostede considerara mellor para Gondomar, e se vostede considera que o mellor é que se pasen as competencias á Deputación, hai que dicilo, e non dicir, e non traelo, aprobalo e inda por riba quererse meter detrás da mesa e dicir, bueno, como o aprobou o Pleno, non, non, a ver, a ver se sabemos onde estamos, a ver se sabemos o que somos, vostede propón isto e ten que responsabilizarse, é máis, ten o deber de defender isto e non dicir que efectivamente coincido con vostede ou me parece ben pero bueno, veremos o que di o Pleno, non vostede fai unha proposta, tena que defender e vaise aprobar e vostede vai ser responsable, dobremente responsable porque vostede dirixe o Goberno, porque vostede fai a proposta e porque vostede vota a prol desta proposta, e o vai a facer nunhas condicións lamentables, vostede o acaba de dicir, non hai un estudo económico, e vostede o recoñece que efectivamente non o hai, verdade?, despois fai un exercizo de vontade, vostede e o Sr. Manolo Gómez, imos ver, eu entendo que é unha situación difícil, que isto é pecharse os ollos e tirarse, é dicir, estamos ao bordo do abismo e damos un paso ao fronte, como hai que facelo, verdade?, non se enganen, primeiro a vostedes mesmo e logo á cidadanía, o convenio di que a duración é indefinida, ten vostede aí o convenio Sr. Gomez, ou quere que lle dea eu unha copia?, dígollo porque vostede acaba de xustificar e a min paréceme absolutamente respectable a súa postura, cidadín, sempre que non trate de dicir cousas que non son en realidade, vostede ten a mesma liberdade que calquera de nós de dicir si ou non, ou abstéñome, pero sempre intentando respectar un mínimo que é o que pon o convenio, o que pon o convenio, e haberá cláusulas que son interpretables, por exemplo o da subrogación que agora falaremos disto pero en canto á duración que vostede preguntou e tanto vostede como o Sr. alcalde falan de dez anos pero que tomaron vostedes antes de vir ao Pleno porque aquí o pon moi claro, aquí o pon moi claro, "Duración do convenio: o presente o convenio ten unha duración indefinida", onde están os dez anos?, ou sexa, se vostede vai a votar isto por dez anos e o Sr. alcalde di, xa está anticipando que ao mellor, non a subrogación senón o contrato de concesion, o prego de condicións vai quedar obsoleto e veremos que pasa dentro de dez anos, xa te está dicindo, bueno, de momento os subrogamos pero chegado o momento veremos onde acaban, e vostede di que con estas condicións e que se é para dez anos, o pon aquí, o pon aquí, vostede vai a aprobar isto, non vai a aprobar o que di o Sr. alcalde, o Sr. alcalde é responsable do que di e vostede é responsable do que vota e o que vota este convenio que di o tempo do contrato é indefinido, se quere lle paso unha copia e iso non lle quita que vostede diga pois que se é indefinido pois que sexa indefinido, eu voto a prol, vale, podo aceptar iso pero non acepto que nos toma de tontos, que diga que un contrato ten dez anos cando estamos lendo todo o mundo que o contrato é indefinido, ou sexa por favor, mantexamos un mínimo de regras do xogo para que todos nos poidamos entender e para que a cidadanía entenda o que está pasando aquí, pero non se inventen cousas, non digan que me gustaría asinar outro convenio que me gustaría ter un convenio cun estudo económico e me gustaría, como di o Sr. alcalde, o Concello segue tendo o control e o poder sobre o servizo, ou sexa, por favor Sr. alcalde, por favor, o Concello non vai a ter nin o control nin o poder sobre o servizo porque vostedes llo van a dar á Deputación e se lles parece, lle volvo a repetir, se lles parece a mellor opción díganlo, pero sen dicir mentiras, sen dicir, eu voto isto porque o que creo que eu voto é algo distinto do que pon aquí, non, nin o contrato é por dez anos nin temos nin imos conservar o control e o poder sobre o servizo, imos a perder o control sobre o servizo, imos a perder o poder sobre o servizo, imos a perder o poder de facer as cláusulas do prego de condicións, as rutas, o percorrido, a imposición da taxa e isto é de forma indefinida, a ver se nos enteramos, e nas cláusulas que fala de subrogar e imos agora a este outro tema: traspaso de medios persoais e material adscritos ao servizo e aquí se fala de persoal da Administración do Concello, por iso se fala de funcionarios ou de persoal laboral ou de interinos, eu non leo por ningún lado aquí que lle afecte isto aos



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

traballadores da empresas concesionaria, dende logo con eses termos aquí non aparecen, e no anexo que aparece aquí, aparece un anexo onde di: Concello de Gondomar, medios persoais adscritos ao servizo, nomes e apelidos, relación contractual, suponse que quen asina e quen ten a relación contractual con eles, pero estes señores non teñen ningunha relación contractual co Concello, a ver se nos entendemos, teñen unha relación contractual coa empresa que os contrata, non co Concello, porque despois hai alcaldes que no momento que hai unha folga de lixo din "iso é un problema entre a empresa e os traballadores, nós non queremos saber nada", e agora dicimos o contrario, cando nos interesa dicimos A, cando non nos interesa dicimos B, e eu con isto non estou dicindo que non se vaian a subrogar ou non, non o sei, dende logo este convenio non o garante, porque quen vai a asinar ese Anexo é o Concello que non ten ningunha relación contractual cos empregados de servizo de limpeza, correcto?, se ten un barredor, por exemplo, que esta na RPT, o resto non pertencen ao cadro de persoal do Concello, o resto, para min, nas cláusulas non queda garantido esa subrogación, ó mellor despois os subrogan, ó mellor, pero aquí non está garantido, polo tanto, mire, eu creo que fagan o que consideren oportuno pero eu creo que hai que responsabilizarse do que un vota e teno que facer con conciencia do que vota, sen enganarse nin enganar á xente, correcto?, e polo tanto vostedes van a dar un convenio ás cegas á Deputación sen estudo económico, cun informe en contra de Secretaría e Intervención, home, a min non me gustaría e ao mellor non é obxecto deste debate, posiblemente non, entrar no informe da aprobación do mes de xuño, claro, vostede estaba nas Comisión Informativas, lémbrese, e cando se tratou este tema nas Comisión Informativas eu pregunteille ao Sr. alcalde, D. Fernando Guitián e Guitián, como era que aparecía un informe de Secretaría pero non aparecía un informe de Intervención cando era un tema económico de vital importancia porque son unha parte importantísima do capítulo de gastos do número II, gastos correntes, o Sr. alcalde daquela dixo que non era necesario, que non o consideraba necesario e así o ratificou o Sr. secretario e eu teño unha copia dese informe asinado polo secretario municipal e como diría o outro "ata aí podo ler", este informe, e iso está preguntado expresamente na Comisión Informativa, consta de folio e medio, non entran nin as cláusulas económicas, nin a subrogación, nin nas competencias, nin nada de nada polo estilo, correcto?, e aí está, ó mellor por iso, dado ese tema, por iso houbo que retirar este asunto da orde do día do Pleno, folio e medio, o informe que vostede ten que puido estudar e que entra non ámbito competencial, no ámbito da taxa e non ámbito da xestión dos servizos ten 11 follas, poderá vostede estar de acordo ou non pero cando menos parece que é algo máis meditado, en canto ao informe da Deputación de Pontevedra, mire, xa acabo de ler hai unha hora ou non sei canto que empezamos isto, o mail, o correo electrónico que lle mandaron ao Concello, bueno hai van os retoques a ver si cola, pois así se escribe isto, polo tanto, convénzase Sr. Gómez e todos aqueles que van a votar neste tema, non enganen á xente con historia que non son certas, o convenio é indefinido, non ten estudo económico, o Concello queda desprovista do poder e o control sobre o servizo e a Comisión, como vostede dixo, as únicas competencias é que lle informen, nada máis, moitas grazas.

Sr. Araújo: Grazas alcalde, non vou afondar no argumentario do meu compañeiro, porque pódese falar máis alto pero dende logo non se pode dicir máis claro, voulle resumir a cuestión que aquí estamos debatendo, que é triste pero é así, e o resumo de todo isto é que Gondomar non ten alcalde, Gondomar non ten alcalde dende o 7 de xullo de 2009, porque quen manda en Gondomar dende aquela é o Sr. Louzán, si, si, si, si, si, é o Sr. Louzán, vostedes obedecen ao Sr. Louzán que con este tema vai facer o gran negocio da súa vida, por estas cousas Sr. alcalde, isto é abrille a porta á corrupción, si señor, e logo queixámonos de que os cidadáns están desafectos da política, que falan mal dos políticos, pero como non van falar mal da política e dos políticos se están vendo que quen nos representa non exerce as competencias que ten que exercer, mire eu dígolle unha cousa: péchen o Concello, pero para que queremos un Concello, para emitir certificados de empadronamento, é o que vai quedar..., porque claro vostedes, aquelas competencias que ben porque lle son incómodas ou ben porque alguén llas reclama para facer negocio, vanas soltando, e entón ao final temos un Goberno bastante ben



pagado, reitero o que dicía o meu compañeiro, eu espero que se isto se aproba acto seguido o concelleiro do ramo renuncie a súa adicación exclusiva porque queda sen choio, directamente queda sen choio, realmente é unha desgraza todo isto, exerzan as súas competencias, retiren isto ou voten en contra e acabouse e imos a pensar noutra cousa para Gondomar onde nós xestionemos e controlemos as nosas cousas, seguro que aforramos cartos porque a milonga esa de que facer grandes concentracións aforran, mentira, mentira, estámolo vendo en todo, a sanidade, o ensino, as externalizacións que inventaron agora, que se inventaron ese palabro, que non é máis nin menos que para que un cantos, mellor dito, os de sempre fagan os grandes negocios porque claro este convenio indefinido que a Deputación concesionará obviamente, non sei como, a unha empresa que xa veremos que empresa, xa veremos a que empresa lle dan esa concesión, pois aí o que comentaba o meu compañeiro, pois sobrarán traballadores, pois terán que ir de Gondomar a traballar á Cañiza ou a Covelo ou a Fornelos de Montes, e senón a rúa, para casa, rebaixarán os salarios e dende logo a calidade do servizo está clarísimo que vai diminuír, iso non hai dúbida ningunha, porque sempre pasa igual cando se fan estas cousas, eu realmente, é moi triste chegar ata aquí pero en fin, vostedes saberán o que fan, eu reitírolle o que dixó o meu compañeiro, este é un convenio leonino pero eu engadíralle que ademais é ilegal, ademais é ilegal, e vostedes vanse meter en problemas legais serios, supoño que lles dá igual porque en último caso, home non creo que no caso de Gondomar, pero cando os xuíces non lles gustan pois os cambian e xa está, non pasa nada ou senón os cambian os votan directamente fóra da carreira xudicial e veña, iso é o que están vendo os cidadáns e eu creo na política municipal como algo máis próximos aos cidadáns e creo que é aquí onde podemos precisamente rexenerar toda esta enxurrada de merda que nos está caíndo dende a política de alto nivel, dende aquí podémolo facer pero eu xa vexo que vostedes son pezas do mesmo engranaxe e ao final non se sabe moi ben para quen están traballando, así se lle abren as portas a corrupción Sr. alcalde, é así, non hai máis que ler as gravacións telefónicas que están saíndo agora e o que haberá que non se sabe e que non saberemos nunca, iso é así e eu quero dicilo aquí neste foro, alá vostedes, dende logo eu augúruille, xa llo digo, un mal futuro, e mire, díciolle antes que dende o ano 2009 goberna en Gondomar o Sr. Louzán e cursiosamente aqueles que lle serviron de peóns hoxe están todos fóra de circulación por prevaricación e condeados por prevaricación e por prevaricar, cursiosamente, o Sr. Louzán non foi no seu auxilio, non teña medo, pero vostedes van por ese mesmo camiño, mire o que lle digo, alá vostedes, fagan o que queiran, nada máis.

Sr. alcalde: Moitas grazas, discrepo totalmente co que di vostede.

O alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioría absoluta dos seus membros (09 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL e 01 do Grupo mixto; 08 votos en contra: e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as, 02 do Grupo municipal do PSOE; e ningunha abstención) acorda aprobar a proposta antedita.

5. Fiscalización e control dos órganos de goberno.
 - a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende a sesión ordinaria de data 16.01.2014: dende o número 1857/2013 ata 1913/2013

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2013 dende o:

1857/01/13, de 05 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na rela n.º 291.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

1858/01/13, de 13 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 292.

1859/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a convalidación do acto administrativo aprobatorio do proxecto de obra de adecuación e reforma do auditorio municipal de Gondomar.

1860/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 274.

1861/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 275.

1862/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 276.

1863/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 277.

1864/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 278.

1865/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 279.

1866/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 280.

1867/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 282.

1868/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa á relación de nóminas do mes de decembro de empregados públicos.

1869/12/13, de 26 de decembro de 2013, Resolución relativa a concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello (Nadal 2013).

1870/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a modificación de Créditos nº 44/2013 na modalidade de Transferencia de Créditos.

1871/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da factura e da certificación única-final da obra Adequación de Paseo ao longo do río Miñor no parque da Coelleira en Gondomar.

1872/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a requirimento de documentación e suspensión cautelar da emisión da nómina da traballadora María Jesús González Alonso.

1873/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a nomeamento de secretario accidental.

1874/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 263.

1875/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 264.

1876/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 267.

1877/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 283.

1878/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 284.

1879/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 285.

1880/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 286.

1881/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 287.

1882/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 289.

1883/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 290.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

1884/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de decembro do persoal laboral (Auxiliares Policía Local).

1885/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a horas festivas realizadas polo persoal do Concello.

1886/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello. (Eloy González Soliño).

1887/12/13, de 27 de decembro de 2013, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello. (Cristian Alonso Figueroa).

1888/12/13, de 30 de decembro de 2013, Resolución relativa a delegación de sitanura en D. Carlos Lameiro Pérez.

1889/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 293.

1890/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 294.

1891/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 295.

1892/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 296.

1893/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 297.

1894/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 298.

1895/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación de documentoxustificativo de gasto establecido na relación n.º 299.

1896/12/13, de 30 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 300.

1897/12/13, de 30 de decembro de 2013, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 45/2013 na modalidade de Xeración de Créditos.

1898/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 302.

1899/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 303.

1900/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 304.

1901/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 305.

1902/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 307.

1903/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 308.

1904/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 310.

1905/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 311.

1906/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 312.

1907/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 46/2013 na modalidade de Transferencia de Créditos.

1908/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 313.

1909/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 314.

1910/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 315.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

1911/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 316.

1912/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 317.

1913/12/13, de 31 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 318.

O Pleno da Corporación municipal queda informado.

b. Mocións

5.b.1. MOCIÓN RELATIVA A MEDIDAS SOBRE INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN DE RECLAMACIÓN SOBRE O IBI

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21, e DI nº36.032.724G, na súa condición de concelleiro membro do grupo nacionalista da Corporación Municipal de Gondomar, presenta ao Pleno para o seu debate e, aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

MEDIDAS SOBRE INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN DE RECLAMACIÓN SOBRE O IBI

O pasado 21 de outubro de 2013, nun pleno extraordinario desta corporación municipal e por unanimidade, aprobábase o seguinte.

1º.- O Pleno da Corporación Municipal de Gondomar acorda solicitar da Dirección Xeral do Catastro a revisión catastral do Concello de Gondomar co obxecto de adaptalo á realidade urbanística actual derivada da anulación do PXOM no ano 2005 por sentenza firme do T.S..

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar para realizar as xestións oportunas a respecto do punto anterior.

3º.- Comunica o presente acordo á Sub-Xerencia Territorial do Catastro en Vigo e ao ORAL, organismo autónomo dependente de la Deputación Provincial encargado do cobro do IBI.

Sabemos que as devanditas xestións encomendadas ao Sr. Alcalde non foron realizadas precisamente con dilixencia, e se a maiores como tamén resulta evidente a tramitación do novo PXOM vai para largo, hai fundadas sospeitas de que a veciñanza siga tendo que pagar a contribución inxustamente durante moitos anos.

Pois ben, con semellantes antecedentes e para ser coherentes co aprobado por esta Corporación Municipal o pasado 21 de outubro, compre que por parte do Goberno Municipal se tomen medidas ao respecto para corrixir esta situación, polo que propoñemos ao Pleno a aprobación do seguinte:

O Goberno Municipal porá á disposición da veciñanza que así o solicite, e no departamento municipal que considere máis axeitado, toda a información necesaria para que cada veciño@ poida facer as xestións oportunas a respecto das súas propiedades e da clasificación urbanística das mesmas: certificacións, planos de situación, etc, que precisen co obxecto de reclamar perante a Xerencia do Catastro para que proceda a modificar a situación catastral das mesmas adaptada á actual realidade urbanística de Gondomar. Todo isto na maior brevidade posible de tempo a un custe mínimo por tratarse dunha reclamación xusta así recoñecida por Corporación Municipal.

DELIBERACIÓN

Sr. Araújo: Eu non sei se despois de ver isto que acaban de facer vostedes, uns ás veces pensa que que pintamos aquí, realmente un dubida xa se isto serve para algo, se non serve para nada, vostedes non lle fan caso a nada do aquí se aproba, vostedes fan o que lles mandan outros pero en todo caso nós imos cumprir coa nosa obriga e dende logo por nós non vñ quedar que as cuestións que lle afectan, as



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
G O N D O M A R
(Pontevedra)

cuestións de verdade que lle afectan á xente de Gondomar pois cando menos que se escoíten neste foro, que queden gravados nunha acta e ao mellor de aquí a 40 anos cando alguén veña facer unha tese doutoral pois recollerá na súa tese doutoral que en Gondomar no século XXI había alguén que defendía aos veciños, imos a deixar isto nas mans da xustiza poética porque é a que nos queda, a outra malamente. Ben isto é sobre o tema do IBI, bueno, en outubro do ano pasado aprobamos unha moción, tamén de quen lle fala, onde instábase ao Goberno Municipal a solicitar do catastro unha revisión catastral dado que estamos pagando unhas contribucións que non se axustan á realidade urbanística das propiedades, nós sospeitamos que coa axilidade que vostedes teñen para estas cousas, sobre todo cando non lle convén, pois isto vai durar bastante e mentres tanto os veciños seguen pagando e incluso moitos deles pois non saben moi ben como facer, a quen recorrer e como facer para reclamar, para exercer en todo caso un dereito que teñen, que reclamar diante da Administración Municipal neste caso, polo tanto nós a respecto desa cuestión o que propoñemos ao Pleno é aprobar o seguinte (o concelleiro da lectura a proposta arriba transcrita). Nada máis.

Sr. Costas: Boas noites, eu estou totalmente de acordo co que expuxo aí o compañeiro Arauxo pero volvo a pedir de forma cautelara o cobro do IBI para o ano 2014 se pode ser, e onde di, todo isto á maior brevidade posible en tempo e a un custo mínimo, eu pediría que esa certificación que hai que pedir que se exclúa, que se anule esa certificación, que é un importe de 12,00 euros que hai que pagar por cada certificación, 12,00 euros por cada certificación catastral. Grazas.

Sr. del Río: Eu simplemente era para dicirle ao Sr. Costas que resulta curioso que vostede poida dicir aquí que se anule esa certificación porque é un dos requisitos que o Catastro te pide para a revisión do IBI, correcto?, cando ti queres modificar a xestión catastral, porque aquí non estamos falando da reversión da xestión do impostos, aquí estamos falando da listaxe de bens do IBI que é unha xestión catastral que é de competencia estatal, correcto?, bueno pois unha das cousas que te piden cando ti non estás, estás en zona rústica e non tes que pagar ese imposto de natureza urbana e estás na listaxe feita pola administración do Estado como que a túa finca é urbana, o primeiro que te piden é unha certificación urbanística da túa finca, da túa propiedade en conforme o Concello certifica que a cualificación urbanística do sólo nese caso está, se anulas iso como vostede acaba de dicir no catastro non lle van facer nin caso.

Sr. Costas: Pero cal é o custo mínimo? A taxa...

Sr. del Río: Ah, a taxa?, bueno, a taxa dunha certificación urbanística, que parece a min que non pediu moitas, son 60 euracos, non 12, (escóitase falar fóra dos micrófonos) me parece estupendo, un paga cincoenta e pico euros, cerca dos 60, polo tanto se o que vostede..., para modificar unha taxa o Goberno pode facer dúas cousas, pode prevaricar, alá el, ou pode modificar a Ordenanza fiscal, pero en todo caso non se pode facer así, hai que modificar e eu non vou a entrar no fondo do asunto pero se nós queremos que esas certificacións que se expiden aos cidadáns e ao mellor se pode facer, non sei se unha exención que non sería recomendable pero ao mellor si unha bonificación para todos aqueles que teñan que pedir unha taxa a efectos da modificación, se rebaixa, pero iso hai que aprobalo no Pleno, hai que aprobalo na ordenanza fiscal correspondente, non a barbeito como agora porque non tería, primeiro, eficacia xurídica, e segundo, nós imos a aprobar isto a día de hoxe, quitamos iso, bueno, pois vostede vai mañán ao Concello e o funcionario que lle expide esa certificación pode facer dúas cousas con ese acordo que vostede quere propoñer, ou prevaricar e non cobrar, ou cobrarlo igualmente porque para que a Administración Municipal non cobre unha taxa que está legalmente establecida ten que estar reflectida na Ordenanza fiscal correspondente, é dicir, este é un tema o suficientemente serio para que non andemos dando chimpos, entón modifiquemos a taxa pero mentres non se modifique a taxa ó mellor o que pode facer o Concello de Gondomar é facilitar o traballo, darlle información, dicirle o que hai, porque desgrazadamente da eficacia e da eficiencia do PP xa sabemos o que hai, que lle vou a dicir a vostede, mentres non hai eleccións a maquinaria está a medio gas, despois si, despois cando chegan as eleccións, entón nos montamos os chiringuitos, pero evidentemente este era un tema que tiña que estar resolto polo Goberno Municipal, primeiro, porque cando se aprobou a reminiscencia e cando se sacou o listado de núcleos do 2012 ao día seguinte tiña que instar a revisión catastral, cousa que non fixo...



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Costas: Non, non, que dende o mes de xullo xa o puxen en coñecemento tanto de Alcaldía como da concelleira de Facenda, puxen en coñecemento este tema, dende o mes de xullo.

Sr. del Río: Vale, o mérito é seu, estupendo.

Sr. Costas: Non, que non é polo mérito...

Sr. del Río: Pero imos a solucionarlle o tema aos cidadáns...

Sr. Costas: Claro.

Sr. del Río: Eu lle digo que o que quere esta moción, que se pode ir máis alá, que se pode modificar unha ordenanza fiscal, a por iso, se trae no próximo Pleno, o propón a concelleira todavía con adicación, supoño, ou xa nos esquecemos disto, etc., etc., modificar, dicir agora a barbeito que imos a facer isto para non cobrar é poñer aos pés dos cabalos o funcionario que estea aí que ten que cobrar ou prevaricar, punto, aprobameos que o Concello de Gondomar e a oficina de Urbanismo que enséñadea facilidades, que diga, mira, tes que levar isto, isto e isto e facer isto outro, e ademais tranquilo que estamos niso, quitaremos o IBI no 2015, que son as municipais e quedará moi bonito.

Sr. Ferreira: Nos imos apoiar totalmente esta moción, compartímola plenamente, inda que non estou no momento de rogos se o alcalde me permite cando aquí se pide "por a dispor da veciñanza e no deparatamento municipal que considere máis axeitado, esta documentación" debería, o funcionario que estaba abaixo en rexistro, que é máis accesible á veciñanza ou aquel que teña un problema de mobilidade o trasladase vostede ao reloxo do Concello, tres pisos máis arriba, eu creo que isto é o que tiña que facer mañán mesmo, volver a pasalo para abaixo para rexistro, porque a xente que queira consultar o Catastro ten que subir tres pisos para poder estar co funcionario. Grazas.

Sr. Gómez: Eu simplemente manifestar o meu voto, que vai ser a prol, estou totalmente de acordo coa moción e bueno, neste caso, os veciños que están pagando algo que posiblemente non lle toca polo menos que teñan toda a información e todo o apoio dende o Concello. Nada máis, grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

5.b.2. MOCIÓN RELATIVA A RECUPERACIÓN DOS PLANOS EXTRAVIADOS DO ANTIGO CATASTRO.

Antorio Araújo Quintas, veciño de Gondomar, con domicilio na Avda. do Conde nº21 e DI nº36.032.724-G, na súa condición de concelleiro membro do grupo nacionalista da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate, e aprobación se procede, a seguinte MOCION:

RECUPERACIÓN DOS PLANOS EXTRAVIADOS DO ANTIGO CATASTRO.

O cambiante mundo urbanístico de Gondomar, ou mellor dito, a ausencia prolongada de ferramentas válidas e xuridicamente seguras no que atinxe á ordenación territorial do noso Concello (PXOM), e sumando a esta circunstancia una deficiente realización dos últimos traballos catastrais no noso municipio, e dado a necesidade que moit@s veci@s teñen de contar con planos catastrais fiables que lle sirvan tanto para localizar correctamente as súas propiedades coas características mínimas de superficies e morfoloxía das mesmas, como para saber de la súa correcta clasificación, resulta que a día de hoxe o documento máis fiable e que máis se achega á realidade do parcelario de Gondomar, son os planos elaborados pola



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral, o MAPA NACIONAL TOPOGRÁFICO PARCELARIO, realizado entre os anos corenta e principios dos sesenta.

Pois ben, este importante documento de innegable valor histórico, elevado á categoría de ferramenta imprescindible en Gondomar pola súa utilidade actual, e una de cuxas copias orixinais está nos arquivos do Concello de Gondomar, suponemos que por extravío fáltanlle varias follas que ata onde puidemos averiguar corresponden aos polígonos número: 6,7,8,9,10,11,34,35,46 e 47, co conseguinte prexuízo para aquelas persoas que precisan consultar este documento e para a propia Administración Local. Mesmo que aínda so fose polo valor histórico do mesmo, entendemos que debe procurarse completar a devandita documentación. Por todo isto propon ao Pleno a aprobación do seguinte:

A Corporación Municipal de Gondomar insta ao Sr. Alcalde, ao Concelleiro de Urbanismo e ao propio Goberno Municipal, a solicitar de quen proceda: Xerencia Territorial do Catastro, antiga Xefatura Provincial de Catastro Topográfico Parcelario, Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral, etc, copia dos planos antes mencionados que faltan do Arquivo Municipal.

DELIBERACIÓN

Sr. Araujo: Esta é unha moción que tamén ten que ver co tema catastral, vostede sabe que no Concello de Gondomar, no arquivo, case poderíamos falar que é un arquivo histórico, consta unha serie de planimetría do catastro que é un catastro que foi realizado entre os anos 40 e primeiros dos 60 polo Estado onde se catastrou pois practicamente todo, aquí chámaseselles "os planos do amillaramento", o que quero dicir é que esa planimetría que no Concello creo que constan os orixinais, está moi ben feita, inda que probablemente estea feita sen grandes medios técnicos e fotos aéreas e ortofotos e todo isto e GPS e todo isto que agora hai, pero está feita a pé de obra, e dende logo é un parcelario que reflicte bastante ben a realidade parcelaria de Gondomar salvo os últimos cambios que puidera haber, quero dicir con isto que é unha ferramenta bastante útil inda que só sexa para comparalo, para contrastar os parcelarios e inda o é moito máis porque sobre todo para a xente nova que está herdando fincas e propiedades dos seus pais que xa morreron e que non saben incluso onde están as súas propiedades, ben, con este parcelario coas referencias que ten pois é bastante fácil localizalas, o que quero dicir é que esta ferramenta ou estes planos topográficos eu detectei que faltan algunhas copias, sobre dez copias ou dez planos que faltan, entón o que se propón con esta moción é que os busquen porque ten que haber outro orixinal, eu non sei se está en Pontevedra ou probablemente estea en Madrid na Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Catastral o mapa nacional topográfico parcelario que supoño son organismos que xa non existen pero en todo caso pois o nome e a referencia chegará para dar con estes planos. A moción o que pide é que se recuperen estas copias como un elemento que me consta ademais que é moi consultado pola xente de Gondomar. Nada máis.

Sr. Ferreira: Simplemente dicir que nós imos a votar a prol.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

A concelleira Natalia Salgueiro ausentouse do Pleno durante uns minutos non estando presente no momento da votación.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes acorda aprobar a proposta antedita.

5.b.3. MOCIÓN RELATIVA A APLICACIÓN DE DIRECTIVA EUROPEA SOBRE HIPOTECAS E DACIÓN EN PAGO.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21 e DI nº 36.032.724-Q concelleiro nacionalista de la Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

**APLICACIÓN DE DIRECTIVA EUROPEA SOBRE HIPOTECAS E DACIÓN EN PAGO.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

- O Parlamento Europeo e a Comisión Europea veñen de dar recentemente a súa aprobación final á Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

A devandita directiva aplicarase aos contratos de crédito garantidos por una hipoteca ou por outra garantía comparable utilizada nun Estado membro, así como aos contratos cuxa finalidade sexa adquirir ou conservar dereitos de propiedade sobre terreos ou edificios. As novas regras adaptaranse aos distintos mercados hipotecarios dos Estados membros, aínda que a información ao consumidor terá que presentarse nun formato homoxéneo en toda a UE.

Entre as medidas que se acordaron están as relativas a :

- un período obrigatorio de reflexión de sete días antes de asinar un contrato hipotecario, ou ben do mesmo período de sete días para retractarse trala sinatura, segundo o decida cada país.*
- demoras en relación cos desafiuzamentos coa esixencia de facilitar a dación en pago e evitando o sobre-endebedamento a longo prazo.*
- flexibilidade na amortización de la débeda*
- medidas relativas aos préstamos irresponsables, de prohibición de condicionamentos dos préstamos e de garantías na taxación dos inmobles.*

A UE da un prazo de dous anos para que os estados membros traspoñan a directiva á súa lexislación.

- A Directiva non supón, nin moito menos, una solución definitiva á problemática existente dos desafiuzamentos nin ás desiguais condicións dun mercado hipotecario favorecedor das entidades financeiras e en manifesto prexuízo da cidadanía.

*En calquera caso, sí supón un avance potencialmente significativo respecto da normativa vixente española, en especial respecto da dación en pago, dos procesos de desafiuzamento e das condicións e garantías dos préstamos hipotecarios. Avance que debe consolidarse e materializarse con ocasión da transposición efectiva da Directiva, modificando e, no seu caso, derogando a normativa actualmente vixente na materia. E por todo isto que propoñemos para a súa aprobación o **SEGUINTE:***

O Pleno de la Corporación Municipal de Gondomar insta ao Goberno de la Xunta de Galicia e ao propio Goberno do Estado a:

- 1. A inmediata transposición da Directiva europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.*
- 2. En aplicación e desenvolvemento da mencionada Directiva, á modificación da lexislación hipotecaria e de regulación do mercado hipotecario, de enxuízamento civil, de subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, coa finalidade de ampliar os supostos de dación en pago e de maiores garantías e defensa nos procesos de desafiuzamento, de limitación aos custos hipotecarios e, en xeral, de implantación de medidas efectivas de protección e defensa da cidadanía consumidora de ditos contrato de crédito.*
- 3. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e á Mesa do Parlamento Galego; así como ao Goberno do Estado e a Mesa do Congreso dos Deputados.*

DELIBERACIÓN

Sr. Araújo: Agora entramos no apartado de mocións que seguramente ao Goberno Municipal non lle gustan moito, eu sei que efectivamente nesta Corporación, ou neste Goberno, os que estamos aquí pois probablemente non temos potestade para resolver o que aquí se propón pero son dese tipo de cousas que nós como representantes públicos de todo Gondomar temos a obriga de traelas aquí, de expoñelas, de



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

debatelas e se é o caso de darlle traslado a quen si ten a facultade de resolvelas, é dicir, a voz dos cidadáns ten que ser trasladada a onde lle corresponde. Ben, esta é unha que ten que ver co asunto das hipotecas e a dación en pago, que en Gondomar tamén nos afecta ese problema e que como vostedes saben o Parlamento Europeo hai moi pouco, hai un mes ou menos, acaba de aprobar unha directiva importante neste senso que pode axudar a resolver bastante ben, non de todo, pero pode axudar a resolver o asunto das hipotecas e da dación en pago, cal é o problema que ten esta directiva, que lles dá aos Estados membros da UE dous anos para aplicala e claro en dous anos aquí haberá probablemente miles, bastantes miles de persoas que acabarán vivindo debaixo dunha ponte, entón do que se trata é que nós como Corporación Municipal instemos ao Goberno do Estado e tamén á Xunta para que se faga eco disto, a que esa directiva europea que xa digo, non resolve totalmente pero pode axudar bastante a paliar esa inxustiza que son as hipotecas, pois para que esta se aplique canto antes, é dicir, que non esperen os dous anos, isto é o que se pide nesta moción. Nada máis.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

5.b.4. MOCIÓN EN DEFENSA DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde n°21 e DI n°36.032.724-G, na súa condición de concelleiro nacionalista membro da Corporación Municipal de Gondomar, presenta ao pleno para o seu debate e, aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN.

EN DEFENSA DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Nun país coma o noso onde a súa espiña dorsal económica está formada por pequenas e medianas empresas, a maioría delas constituídas por traballadores autónomos, que ven como na actual situación de crise en lugar de facilidades ou axudas para que as súas empresas poidan evolucionar e adaptarse ás dificultades que día a día atopan nun entorno administrativo, legislativo, económico, etc, tan cambiante, ven como os gobernos central e autonómico so lle ofrecen promesas que de pouco lles serven.

“Neste momento, os gobernos teñen que axudar aos emprendedores. Non os imos deixar sós porque son o motor que conduce de novo o país a la prosperidad”. Así fala o Presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijóo, mais os feitos desacreditan una vez aos gobernantes do PP. O goberno do Sr. Rajoy vén de subir ás agachadas no pasado Nadal, a emprendedores e autónomos, os impostos e as cotizacións destes traballadores. Subas, que para o caso dos autónomos societarios ou administradores que tiveran contratados dez ou mais traballadores por conta allea en 2013 será do 22%, una medida que vai influír negativamente na contratación e mesmo vai provocar, nalgúns casos, despedimentos, pois resulta complicado de máis manter o nivel de emprego cando xa se está vivindo ao límite

Pero as subas tamen se produciron na base mínima de cotización dos autónomos, que é a que pagan o

90% dos 215.000 profesionais deste tipo que hai en Galicia, nun incremento dun 2%. Pasaron de 858,606 a 875,70 € en 2014. Máis de cinco euros por mes, uns 62€ máis ao ano. Pero por se isto non fose pouco, o Decreto Lei inclúe tamén como elementos cotizables algúns que non estaban na base de cotización, como os seguros médicos, plans de pensións, complementos de transporte ou axudas de comida, etc. volvendo a incrementar os custos para o colectivo dos autónomos. Prometeran dende o goberno a baixada das retencións no IRPF ao 9% pero, a día de hoxe as retencións seguen no 21%.

Os módulos non varían respecto ao 2013, así como a redución do 5% sobre o rendemento neto de módulos acordada o ano pasado. Máis promesas, máis incumprimentos. A maiores tamén



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

supón a fin dos aprazamentos de pago xa que Facenda non seguirá permitindo o aprazamento nos pagos do modelo 111 de retencións de traballadores e profesionais.

Aínda que o principal problema deste colectivo pasa pola falta de liquidez. As medidas adoptadas ao longo do 2013 como a redefinición das Pemes por parte do Banco de España, as apostas do BEI e do ICO, a nova Lei de Emprendedores, ou novo Criterio de Caixa, non conseguiron revertir a situación, sendo una realidade a día de hoxe, que as Pemes do Estado Español seguen soportando o crédito máis caro de toda Europa.

Todo isto acontece cando a actividade está en marcha pero, cando por desgraza se ten que botar o peche os problemas non rematan para os traballadores autónomos. Os datos din que sete de cada dez autónomos que solicitan a prestación por desemprego debido a seu cese de actividade teñen dificultades para conseguilo. Segundo un informe presentado por ATA (asociación de traballadores autónomos), o 74,7% dos casos nos que se denegaron as prestacións, foi por non estaren ao corrente das cotas a la Seguridade Social, outro 13% por non ter cuberto o período mínimo de cotización e o 2,3% por non acreditar correctamente o cese de actividade, causas que en moitos casos poderían ser resoltas se contaran con coñecementos para facer fronte a dura burocracia que os rodea, e que na práctica os condena a ser traballadores de segunda división.

Outra fronte aberta é a morosida das administracións públicas e os prazos de pago aos autónomos que volveron a aumentar nos últimos meses. As administracións públicas deben aos autónomos 4.839 millóns de euros, e o prazo medio de pago sitúase en 151 días, segundo o Informe da Federación de Autónomos ATA. Prazos que demostran que desde as administracións públicas estase a incumplir sistemáticamente a lei de morosidade que establece un período de 30 días para o pago de facturas aos provedores. No caso de Galiza, o período de atraso é inferior a cen días, concretamente 51, pero compre facer fincapé en que no noso País a demora débese principalmente ás deputacións e a los concellos, o que implica que os prexudicados son os vecinos que teñen máis preto.

Outro dos proxectos estrela do Goberno Central foi a Lei de Emprendedores, e nela inclúese a creación da figura do autónomo de responsabilidade limitada. Con esta figura buscábase salvagardar dalgún xeito o patrimonio do autónomo en caso de fracaso empresarial, establecendo na lei que os autónomos non responderían das débedas derivadas da súa actividade empresarial coa súa vivenda habitual ata un límite de 300.000 euros pero, non contaron que a diferenza do que ocorre cós traballadores por conta allea, no que o salario mínimo é inembargable, no caso dos autónomos non sucede así pois ademáis de non contar con estes límite de inembargabilidade legal, a Administración adoita recorrer ao embargo de créditos e obrigar aos clientes dos autónomos a pagarlle antes a ela que ao propio autónomo, comprometendo os seus ingresos futuros e a viabilidade da empresa.

E por se isto non fose suficiente, o Ministerio de Fomento ven de elaborar un proxecto de modificación da actual regulación sobre as autorizacións de transporte de mercaderías, na que fala de axudar ao sector mentres introduce trabas como a que aparece sobre a transmisibilidade das autorizacións de transporte, onde especifica que o que pretenda acceder ao sector adquirindo a autorización de transporte dun transportista que abandone a actividade, deberá posuír polo menos tres vehículos, de tal maneira que se o transportista que lle transmite a súa autorización so tiña un vehículo, o adquirente que pretenda acceder ao sector deberá mercar outros dous vehículos que non superen os cinco meses de antigüidade.

Por todo o exposto solicitamos o apoio a los seguintes acordos:

1º — Que se cumpran dende as administracións públicas (neste caso o Concello) os prazos de pagamento ás Pemes, concretamente a los autónomos, cumprindo a lei de morosidade.

2º — Potenciar a formación para os traballadores autónomos dende o Concello co obxecto de posibilitar a súa adaptación ás novas necesidades do mercado e coñecer todas as ferramentas ao seu alcance para desenvolver a súa actividade con axilidade e eficacia, incluso para cando cesen na súa actividade, acceso ás axudas que lles poderían corresponder, etc.

3º - Instar aos gobernos central e autonómico para que leven a cabo a rebaixa fiscal prometida que precisa este colectivo para que poida enfrontarse ás dificultades que lles impón a crise e as desvantaxes patentes que sofren fronte ás grandes empresas e multinacionais.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

4º- *Instar ás administracións do Estado e da Xunta para dispoñan as medidas legislativas, económicas e de información oportunas, que faciliten o financiamento a través de todos as canles das que dispoñen, incluído acceso á fondos europeos, para que os emprendedores poidan acceder ao mesmo.*

5º— *Crear as condicións necesarias, conxuntamente con outras administracións locais ou supramunicipais, para a creación de viveiros de empresas, etc, que lle permitan aos emprendedores aproveitar ao máximo os recursos dispoñíbeis, minimizando os custes que lles suporía a posta en marcha dos seus proxectos.*

DELIBERACIÓN

Sr. Araujo: Bueno, eu estou sorprendido pola concienciación social que ten esta Corporación, sobre todo este Goberno, está ben, a ver se non queda soamente nun xesto. Ben, esta é unha moción que tamén é desas mesmas que lle acabo de dicir e que este Goberno tan, bueno, non vou a cualificalo, este Goberno do Estado quero dicir, que tanto defende aos traballadores, dá igual que sexan traballadores por conta allea, neste caso estamos falando dos traballadores autónomos que son dalgunha maneira a espiña dorsal económica do país e que lle acaban de meter un sablazo tremendo que máis de un destes traballadores, máis de un e máis de miles, pois probablemente terán que pechar. Vouna ler inda que é un pouco longa porque eu creo que aquí se dan unha serie de datos importantes e convén saber e así queda moito máis claro. (O concelleiro pasa a ler a moción arriba transcrita). Ben, eu como dicía ao principio dende aquí ó mellor pouco podemos facer, algo se pode facer evidentemente, pero en todo caso que a nosa opinión, desta Corporación, que se lle dea tralado a quen corresponde porque como di na moción ao noso redor temos moitos veciños afectados por estas circunstancias que tamén son veciños nosos, tamén os representamos e polo tanto tamén debemos expoñer aquí e apoialos na súa problemática. Nada máis, grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

5.b.5. MOCIÓN DE URXENCIA RELATIVA A INDULTO PARA OS TRABALLADORES CARLOS E SERAFÍN CONDENADOS A 3 ANOS DE CÁRCERE POR PARTICIPAR NUN PIQUETE NA FOLGA DO TRANSPORTE DE 2008

Pauliño del Río Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar, presenta para o seu debate e aprobación, se procede a seguinte MOCIÓN de Urgencia.

**INDULTO PARA OS TRABALLADORES CARLOS E SERAFÍN
CONDENADOS A 3 ANOS DE CÁRCERE POR PARTICIPAR NUN PIQUETE NA FOLGA DO
TRANSPORTE DE 2008**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Conforme se agravan as políticas de recortes e agresión contra os dereitos das clases populares, asistimos tamén á reiterada criminalización da resposta social, singularmente da de carácter sindical. É tamén crecente a represión contra quen, no exercicio de dereitos fundamentais, se revolve para esixir pacífica e democráticamente un cambio de rumbo, para demandar a mellora das condicións de vida e de trabado para a maioría social ou para denunciar os abusos e inxustizas que a clase traballadora padecemos, e que a vixente crise está a recrudescer.

No ano 2008, durante a negociación do Convenio Provincial de Transporte de Mercadorías da provincia de Pontevedra, os sindicatos CIG, CCOO e UGT convocaron una folga para



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

reivindicar a mellora das súas condicións laborais. Durante a mesma algúns compañeiros foron identificados pola policía mentres actuaban como piquetes informativos e posteriormente denunciados. Compre lembrar que os piquetes son un instrumento lexítimo, que forma parte da historia do movemento obreiro e que en moitos casos permite liberar, coa forza da unión solidaria das nosa clase, aos traballadores e traballadoras das coaccións e ameazas coas que a patronal pretende impedir que exerzan o seu dereito á folga.

Froito desa denuncia realizáronse varios xuízos cuxo resultado foi absolverlos de calquera dano a todos os efectos (ademáis ningún traballador nin empresa presentou cargos nin culpou a estes compañeiros). Porén, un xulgado de Vigo considerou que Serafín Rodríguez Martínez (CIG) e Carlos Rivas Martínez (UGT) eran culpables dun delito contra os dereitos dos traballadores (art. 315.3 do Código Penal) e condenounos á pena máxima posible por ese delito: 3 anos de prisión.

Una sentenza que parece desproporcionada e abusiva e que só pretende escarmentar, un aviso a navegantes, para debilitar a capacidade de resposta dos traballadores na súa loita pola mellora das condicións laborais. Mentres os verdadeiros delinquentes gozan da maior das impunidades e de todas as medidas de graza das altas esferas do poder, dous sindicalistas poden acabar en prisión.

Esta sentenza foi recorrida e ratificada na Audiencia Provincial no 2011 e, finalmente, solicitouse o indulto para ambos compañeiros. O Goberno español, en decembro pasado, denegou o indulto; o mesmo goberno que non ten reparos en concedelo a corruptos e banqueiros, o que obriga a estes traballadores e aos sindicatos CIG e UGT a solicitar un recurso de casación e un último intento de concesión dun indulto. Carlos e Serafín poderían recibir en calquera momento a orde de ingreso en prisión.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos do Pleno da Corporación Municipal de Gondomar a aprobación do seguinte

ACORDO:

A Corporación Municipal de Gondomar solicita do Goberno español que conceda o indulto a los traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez.

Xustificación da urxencia:

Sr. del Río: Ben, esta é unha moción de urxencia que metín polo Rexistro do Concello, pido desculpas porque non me deu tempo a, simplemente a metela non Concello pero non a darlla ao resto dos corporativos pero o tema é o suficientemente grave e está de actualidade para creo que toda a sociedade civil e nós como Corporación e como representates dos veciños e veciñas que nos teñamos que manifestar ao respecto disto, a moción é solicitando o indulto para estes dous traballadores, membros dun piquete informativo que foron condenados a tres anos de prisión polo tanto paréceme que nós como Corporación Municipal deberíamos manifestarnos a este respecto e pedir o indulto para estes dous traballadores, esa é a moción da urxencia dado que o caso saíu despois dos ditames da Comisión Informativa e polo tanto vinme obrigado a presentala de urxencia.

VOTACIÓN SOBRE A URXENCIA E RATIFICACIÓN

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a urxencia e ratificación da inclusión desta moción na orde do día.

Sr. del Río: Ben, paso a ler a breve exposición de motivos e é que evidentemente conforme se agrava a política de recortes e de agresión, sobre todo, contra os dereitos das clases traballadoras e da xente con menos poder adquisitivo, das clases populares en definitiva, pois evidentemente tamén asistimos a unha reiterada criminalización da resposta social, aí temos, por poñer un exemplo, o anteproxecto de lei da Lei de seguridade dicadá que vai a criminalizar moxollón de comportamentos cidadáns de protesta ante unha agresión tratando como delinquentes simples manifestacións que están ademais recoñecidas pola propia Constitución Española, o que resulta evidente é que nun piquete informativo que se produce creo recordar



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

no 2008, nunha rotonda que hay na vila de Bouzas a través do Convenio provincial de transporte pois había un piquete de 50 ou 60 persoas que estaban pois evidentemente informando sobre a folga que había no Convenio provincial de transporte, a policía procedeu a identificar a un número deste piquete e posteriormente foron denunciados porque evidentemente esa denuncia se lle deu traslado á sede provincial, evidentemente a partir de aí se produce unha serie de xuízos onde saen absoltos, non hay danos, os xuíces así o recoñecen e nin a empresa que sufriu a acción deste piquete informativa, ningún cargo presentou nin inculpou a ningún compañeiro, sen embargo a Serafín Rodríguez Martínez e a Carlos Rivas Martínez da CIGA e o outro de UXT, un xulgado condenounos por un delito, do 315.3 do Código penal e condenounos á pena máxima, a tres anos, ben, respectando a decisión esta sentenza de xulgado foi recorrida na Audiencia Provincial que confirmou a sentenza en primeira instancia, entón, a partir de aí pediuse o indulto para estes dous traballadores, recordar que estes dous traballadores actualmente teñen traballo, teñen fillos menores a cargo e poden entrar en calquera momento en prisión porque o Goberno pois non lles aceptou o indulto e isto foi en decembro pasado, denegoulles o indulto. Home, resulta bastante curioso que o mesmo Goberno que ten indultado por activa e por pasiva a todo canto corrupto anda solto por aí, verdade?, agora resulta que a dous traballadores polo mero feito de estar nun piquete informativo que ademais é un dereito que ten o traballador a estar, se lle condena á pena máxima, parece un aviso a navegantes, cuidadín con protestar porque vos estamos rebaixando o salario porque vos tedes que baixar o salario e ao mesmo tempo tedes que comportaros debidamente porque senón evidentemente pois imos a ir a por vós, a nós parécenos un escándalo, directamente, cando se está indultando a todo o mundo, sobre todo casos de corrupción, banqueiros, executivos, etc., etc., polo tanto nós consideremos que debemos de solicitar do Goberno español, do Goberno central que conceda o indulto a estes dous traballadores, a Carlos Rivas e a Serafín Rodríguez, que non entren evidentemente en prisión, que non lle destrúa a súa vida, van a perder o seu traballo, van a estar tres anos en prisión, parécenos dende logo un castigo absolutamente desproporcionado, polo tanto o que propoñemos é que a Corporación Municipal de Gondomar solicite do Goberno español que conceda o indulto aos traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez.

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, é a primeira vez que vén unha moción neste senso, eu estou totalmente de acordo neste caso en que se lle conceda o indulto a estas dúas persoas, a un deles incluso compañeiro de militancia da acción sindical, sobre o indulto poderíamos falar largo e tendido, dicir que a lei que o regula é de 1870 e a posterior modificación do 1978 e que é un dereito de graza que se lle concede ao ministro e ao Goberno para que ao final deixe quedar fóra aos Blesa, aos banqueiros incluídos da dereita e da esquerda cando están no poder, é lamentable que isto pase, claro que se estes compañeiros, se me permiten e con isto non quero facer bromas, o seu letrado fora o fillo de Gallardón e pertencera ao despacho xurídico Menéndez Zuría, pois este, de dous indultos que pediu concedéronlle os dous xa, un deles matara nun accidente a unha familia e outro atopelara a alguén tamén nun paso de peóns, pero bueno eran considerados con privilexio do Goberno que esta xente merecía o indulto e tal, é lamentable, é lamentable que isto pase nun país coma o noso e coa democracia que se presume consolidada, pero bueno, só prosperan un 7%, e neste caso estes compañeiros e veciños de aquí estén dentro desa porcentaxe, nós imos a apoiar a moción e ademais incluso a min persoalmente non só imos a apoiala senón que a comparto e agradezo ademais que se teña presentado hoxe aquí con esta premura. Grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

**A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros
acorda aprobar a proposta antedita.**

5.b.6. MOCIÓN DE URXENCIA RELATIVA A SOLICITUDE DE INFORME SOBRE
CONTRATO CON EPTISA

MOCION DE URXENCIA

INSTAR a os departamentos de, Secretaría e Intervención para que en un prazo de 15 días INFORMEN



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

sobre a vixencia e legalidade do Contrato firmado coa empresa EPTISA o 31 de Marzo de 2010 e sobre a legalidade do pago a EPTISA da factura de 19/12/2013 por importe de 57.438,86 €.

D. ELADIO COSTAS PEREIRA, na súa calidade de CONCELLEIRO NON ADSCRITO dá Corporación do Concello de Gondomar, comparece e como mellor proceda en dereito DI:

Que ao amparo do disposto nos artigos 16 do ROM, 97 dá Lei 5/1997, de 22 de Xulio, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 dá Lei 11/1999, de 21 de Abril, Lei de modificación dá Lei reguladora de Bases de Réxime Local @ outras medidas, presenta a consideración do Pleno dá Corporación Municipal a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tendo coñecemento da Resolución n° 1845 sobre aprobación do gasto n° 273 por importe de 57.438,86 euros correspondente a factura emitida por EPTISA o 19/12/2013 polo concepto "Traballos PXOM informe previo

A mencionada aprobación de gasto citada n° 273, está informada desfavorablemente pola Sra. Interventora o 19 de Decembro de 2013.

E claro o reparo da Sra. Interventora, no punto Cuarto do informe, pois céntrase o reparo no INCUMPLIMENTO DO CONTRATO, firmado o 31 de Marzo de 2010 entre o Concello de Gondomar e EPTISA GRUPO EMPRESARIAL S.L..

Manifesta a Sra. Interventora literalmente: "Polo tanto como pode observarse existen diferenzas nas fases de execución do servizo entre o contrato formalizado e o financiamento da Xunta de Galicia..."

Afirmando tamén : "Polo tanto o problema segue radicando nas diferenzas existentes entre o contrato formalizado co contratista e a concesión da subvención que financia este proxecto".

Advertindo que, ou ben se modifican as anualidades sucesivas do contrato, ou solicitar a modificación da cláusula cuarta do contrato, pero en todo caso será, o ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, o competente para dita modificación, e dicir, o Pleno.

Pois ben, a día de hoxe, o único soporte de financiamento deste SUPOSTO CONTRATO, e o presentado ao Pleno do 6 de Xuño do 2012, cuyo importe asumido pola SECRETARÍA XERAL DE URBANISMO, ascende a un total de 179.492,56 €, en catro anualidades de 44.873,14 €.

Ademáis do informado pola Sra. Interventora, que de supoñer en vigor o CONTRATO do 31 de Marzo de 2010, este, atópase falto de financiamento, en 127.443,44 euros, descontados por suposto xa dos 341.040 € do contrato inicial, os 34.104 € abonados no 2010, véndose incumplida por tanto tamén a condición de financiamento do CONTRATO, paxina 3 do mesmo.

Por si fora pouco, da devandita subvención tamén, se deduce o incumprimento do contrato en canto as FASES e contido das mesmas, paxina 4, así como o prazo para a execución do mesmo.

Establece a SUBVENCIÓN concedida as anualidades 2013, 2014, 2015 e 2016, cando o prazo acordado no contrato e de 14 meses, e as anualidades previstas no presuposto de 2010 son dos, 2010 e 2011, ademáis do dito pola mesma funcionaría da variación do I.V.E, que cando se firma o Contrato ascendía o 16% e hoxe e do 21%.

Ningunha das variacións foron sometidas a consideración e acordo, do ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, o Pleno, nin polo tanto aprobadas polo mesmo ÓRGANO.

Po lo exposto este concelleiro, propon a votación dos seguintes

ACORDOS:

1. - Instar ao departamento de Secretaría pra que en una prazo de 15 días emitan informe escrito sobre a situación xurídica, técnica e vixencia ou non a esta data, do contrato asinado polo Concello coa empresa Eptisa Grupo Empresarial, S.L. o 31.03.2010.

2. - Instar ao departamento de Intervención , pra que tamén no mesmo prazo emitan informe escrito sobre a validez da factura emitida por Eptisa o 19.12.2013 de 57.438,56€ e da posible reclamación do importe da mesma a pesar do levantamento do reparo polo Alcalde.

Xustificación da urxencia:

Sr. Costas: Ben, eu presento esta moción de urxencia simplemente para saber se a vixencia do contrato asinado coa empresa EPTISA se é legal ou non é legal... si, si, por qué te ríes?, por qué te ríes Carlos?



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. alcalde: Xa expuxo a urxencia?

Sr. Costas: Non, non.

Sr. alcalde: Non temos a urxencia entón?, xustifique a urxencia da moción.

Sr. Costas: Estou xustificando a urxencia o que pasa é que están a súa bola aí.

Sr. alcalde: Pois votemos pois a urxencia, xa está xustificada?

VOTACIÓN SOBRE A URXENCIA E RATIFICACIÓN

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a urxencia e ratificación da inclusión desta moción na orde do día.

DELIBERACIÓN

O Concelleiro Eladio Costas Pereira pasa a ler a moción arriba transcrita.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a votación a moción arriba transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

c. Rogos e preguntas

Sr. Araujo: Grazas alcalde, teño algunhas preguntas e algún rogo, a primeira pregunta ten que ver cunha reunión que onte tiveron vostedes en Vigo polo asunto do transporte da Área Metropolitana, convocada pola Xunta de Galicia, polo menos iso foi o que lin na prensa, entón gustaríanos saber que, non tanto o que trataron, que tamén pero sobre todo se chegaron a algún acordo ou hai algún tipo de posibilidades de arranxar o tema do transporte da Área Metropolitana. Tamén preguntarlle se pensa retirar vostede tal como ten o mandato deste Pleno, a denuncia contra a persoa esta afectada polas preferentes, Xulio Vicente, que como vostede sabe ten o xuízo o día 13 do mes que vén. Tamén rogaríalle que pasaran a ver as cunetas, eu sei que é unha estrada da Deputación Provincial, que é a que vai a Peitieiros, pero en todo caso que as miren e que chamen á Deputación para que corrixa iso porque na parte baixa do barrio de Toucido como non ten nivel, pois á parte do que lle afecta á estrada está prexudicando a xente que por alí pasa e vive. Tamén lle rogaría que pintasen dunha vez por todas o paso de peóns que sube dende a gasoleira á Igrexa parroquial de San Bieito, eu fun testemuña antonte dun accidente que lle faltou nada para atopar a unha persoa maior que estaba cruzando naquel paso porque é o costume de pasar por alí, non hai pintado obviamente non pasou nada porque supoño que a señora en concreto pois viña da misa, digo eu, digo eu. E logo, por último tamén rogar...., claro, viña da misa e viña protexida pois polo espírito santo, digo eu, eu non creo pero supoño eu, claro, pois veña, non é broma, bromas á parte puido ser un accidente bastante grave, dende logo a muller levou un bo susto. E por último rogaríalle tamén, é un rogo que me trasladan os veciños que canto antes, cando se poida pois que se coloquen algúns bancos con respaldo a ser posible pois na zona de onde están os parques biosaudables, tanto alí no Rodríguez Márquez como na Ponte das Ánimas, nada máis.

Sr. del Río: Ven, eu o primeiro rogo que lle quería facer era que retirara a denuncia contra os preferentistas, a denuncia que vostede ten, é un rogo que lle fago, que non nos esquecemos dese tema! O segundo xa é unha pregunta e é saber que pasa coa entrada e saída dos escolares do Xosé Neira Vilas, cando digo do que pasa refírome a que solución lle van dar a ese tema. En terceiro lugar gustaríame saber por que na relación de gastos núm. 277, total 51.995,28 está informada en contra e levantou, vostede o reparo. Por que



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

na relación de gasto núm 279 con valor de 7.875 euros están reparadas por Intervención e vostede levantou o reparo e pagounas. Por que a factura ou a relación de gastos núm. 280 por valor de 3.267,19 está informada en contra por Intervención, vostede levantou o reparo e pagou. Por que a factura núm. ou a relación de gastos núm. 281 está informada en contra pola Intervención deste Concello, valor das facturas 16.720 e vostede levantou o reparo e pagou. Por que na factura e certificación única da obra "Adecuación do paseo ao longo do Río Miñor no Parque da Coelleira está informada en contra e por que se fixo isto e por que se realizou esta obra, se executou e se tramitou tarde mal e arrastro. Por que a relación de gastos núm. 263 por valor de 34.212 euros está reparada por Intervención, vostede levantou o reparo e pagou. Por que a factura ou a relación de gastos núm. 264 por valor de 22.950 euros está reparada por Intervención, vostede levantou o reparo e pagou. Por que a relación de gastos núm. 267 por valor de 16.260 euros está reparada por intervención, vostede levantou o reparo e pagou. Por que a relación de gastos núm. 283 por valor de 2.662 euros esta reparada por Intervención, vostede levantou o reparo e pagou. Por que a relación de gastos núm. 302 por valor de 1.965,89 está reparada por Intervención, vostede levantou o reparo e pagou. E isto mesmo, por que levantou vostede o reparo de Intervención na relación de gastos núm. 305 por valor de 3.615 euros, 307 por valor de 31.592, 311 por valor de 26.454, 313 por valor de 124.804, 314 por valor de 99.903 euros, 314, 315 por valor de 12.068 euros, 316 por valor de 77.412,07, 317, por valor de 26.454, 312 por valor de 12.311,90 euros e 313 por valor de 124.804 euros. Isto foron todas as facturas presentadas neste Concello que non cumpriron a legalidade e vostede levantou ese reparo e pagounas e gustaríame saber por que, porque non hai unha causa dende logo de funcionamento do Concello normal que indique este..., porque eu creo que vostedes pagan sen reparo de Intervención cando se equivocan, porque o 90% das facturas pagadas e postos na relación de resolucións a disposición deste concelleiro e do resto evidentemente están reparadas, estamos a primeiros de ano, porque hai facturas do 2013 e hai facturas de 2014, bueno, hai incluso dentro de todo isto facturas que son de pago periódico e que se realizan todos os anos e que non ten ningún sentido de que estean reparadas, por exemplo a concesión do punto limpo, o pago do alugueiro á Comunidade de Montes de Vicios, por exemplo xa nos pagaron con reparo a todos nós, a primeira vez que se fundou a Corporación Municipal de Gondomar que lle pagan aos corporativos cun informe en contra, a todos nós nos pagaron cun informe en contra, non o sabe, claro, ese é o problema do PP, non estou nin se me espera, bueno, a GESECO, a GESECO se lle pagou cun informe en contra, quero recordarlle que aquí o Sr. alcalde e o Sr. concelleiro dixo que o tema de GESECO estaba claro e había retención de crédito, acórdase das famosas bolsas de crédito que éramos moi previsores, estupendo todo, patrañas, séguense pagando facturas de JARMA, de parques e xardíns, en contra, con informes en contra e sen concesionar o servizo, se pagan 726,00 euros todos os meses cun informe en contra dun gabinete de prensa, Sr. alcalde, cal é o gabinete de prensa que ten vostede, é tan importante para ter un gabinete de prensa, explíquenolo, porque claro, 726 euros parece unha minucia pero son 8.000 euracos ao ano, home algo se fai con 8.000 euracos, ou 9.000 euros para gastalos nun gabinete de prensa, etc., igual que as asistencias técnicas da busca de emprego que se informan negativamente, despois de que vostedes tiraran ao lixo 90 e 90, 180 euros para empregar a desempregados en Gondomar nun Plan de emprego pero evidentemente aquí hai alguén que si topou emprego, das asistencias técnicas, que se lle pagan dúas veces neste curto período de sete mil e pico euros e outra de nove mil, vale, informes en contra, tamén chama a atención que eu non sei a clase de pulgas que haberá no Parque das Ánimas, pero deben de ser grandes, deben de ser grandes porque desinfectaron dúas veces, costáronnos dous mil euracos cada vez e eu miro que as pulgas seguen vivas, e non quero mirar para ninguén, vou mirar para o teito, gustaríame saber que significa na factura 315, informe en contra, uns seguros de retirada de carné de a 12 como mínimo vehículos, que explicación hai disto, eu non sei se teñen tempo podemos falar disto porque realmente, este é o 42, un segundo que abro o documento e miraremos este asunto, ao mellor eu entendo que isto ten evidentemente un..., terá a súa explicación lóxica pero a min gustaríame saber por que, cal é, esta relación de facturas onde fala de seguro de retirada de carné e aparecen, non é nin unha, nin dúas, nin tres, nin catro, é unha relación moi extensa, por que pasa este asunto?, e poderíamos seguir falando de todo este tema, de todas formas como xa lle pedín explicacións de cada unha da relación de gastos pois sería interesante saber o porqué, despois hai facturas que tamén me gustaría saber, por que FREMAP cada vez que realiza unha analítica lle pasa unha factura ao Concello, non se ten contratado con FREMAP o recoñecemento dos traballadores a través dun contrato, pois aquí a FREMAP se lle pasa cada vez que hai unha analítica lle pasa ao Concello un cargo, gustaríame saber como se fan estas cousas, porque ata onde eu saiba, e evidentemente iso está regulado



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

e iso forma parte da prevención de risco pois se contratará cunha empresa que terá a obriga a través dunha concesión de facer unha analítica a todos os traballadores e traballadoras, pero iso formalizárase nun contrato anual e non como aparece aquí, non nunha ou dúas facturas, en moitas facturas e terá posiblemente a súa razón, porqué, iso é todo.

Sra. Varela: Quixera que me comunicaran cal é a data de envío ao presidente do Goberno e ao ministro de Xustiza, a prol da retirada da lei do aborto.

Sr. García Crego: Boas noites, eu quero facerlle un rogo e que retire a denuncia que presentou contra os preferentistas. Grazas.

Sr. Ferreira: Grazas, queremos preguntarlle porque cando, se sabe ademais porque hai documentación e demais, se sabe que vai vir un temporal con choivas, como está previsto, cicloxenesa agora mesmo, antes era mal tempo ou tronada, porque non se pecha o portal do CDL para que polo menos os coches non aparquen alí, cando digo CDL digo o Centro de Desenvolvemento Local non o do partido seu, porque sempre quedan coches alí. Quería saber tamén porque non se limpan as beirarúas sobre todo da estrada de Vilaza pola zona de Villarés, onde está o Pazo do Conde que está intransitable e por alí sempre pasa xente e é imposible, xa o temos dito tamén. Gustaríame saber porque leva tanto tempo unha farola da rúa Angel Urzáiz colgada polo seu propio fio de alumeadado e a xente pasa por alí todos os días e que non se retira, se están a esperar que pase o que por desgraza moitas veces pasa. Quería saber se se levou a cabo algunha actuación pendente a elaborar, facer un estudo para a eliminación das barreiras arquitectónicas do casco urbano, etc. Queríamos saber, a pedra de Atios, creo que é de Atios, non?, a ver se mo vou a equivocar e é de Fornelos de Arriba, que estaba no Parque da Coelleira, do muro de contención da zona esta arruinada que se sacou, que foi un erro por certo porque xa no seu momento houbo que pólo xustamente para que non levara..., pero bueno, un erro, é unha opinión persoal, a pedra esa onde está, para onde foi e onde está colocada, onde está almacenada, porque aí inda hai moitos tractores de pedra e a verdade que nos preocupa saber para onde e quen a ten. Nos interesaba saber se vostede o día 13 de marzo se non me equivoco na data, que está citado a xuízo oral pola denuncia que presenta vostede contra un preferentista, se, xa non lle vou dicir se comparece como alcalde ou como cidadán, dá igual, quero saber se vostede vai a levar representación letrada e se a leva se vai a ser pagada polo Concello ou vai a pagala vostede, iso interesa porque ao final os cartos saen do herario público, a min non me parece mal que leve asistencia letrada se vai como alcalde, pero se non..., bueno ese tema hai que aclaralo. Gustaríanos saber cando ten previsto levar a cabo a aprobación inicial do PXOM porque xa hai máis dun ano que estaba aquí en Gondomar, xa estaba, entón interésanos. Interesábanos saber, preguntamos, se é certo que se vai colocar unha rede semafórica do tramo este xusto diante do colexio de Peititeiros, Neira Vilas, con dous semáforos que van a ser activados cun mando ou calquera mecanismo, non sei en concreto, pero que incluso se fala de que vai a ser accionado polo propio director ou conserxe dende o propio centro, lembrar que é unha vía pública de uso público e se é así, manexada, a circulación os tempos e demais, por unha persoa privada que pode ter consecuencias ou responsabilidades, eu non sei se isto a min me chega que xa están vostedes barallando e que ademais ten forza, moito esta idea e que se vende ademais como unha gran idea, quería saber se é así. Tamén preguntarlle se vai vostede a acatar e respectar o acordo plenario que foi aprobado aquí por maioría da Corporación para levar a cabo a redución do 50% do seu soldo e dos demais membros do Goberno, se o vai a facer si ou non. E por último unha pregunta que ten, bueno, para min ten un significado bo, vai vostede a dimitir?, e á marxe de que me diga si ou non, por que?

Sra. Francisco: Ola, boas noites, eu teño tres preguntas e un rogo, bueno, unha preguntaxa a fixo o meu compañeiro pero a min gustaríame saber a retirada do muro do Parque da Coelleira se se fixo cun proxecto, con que finalidade se fixo, e tamén me gustaría saber o destino final das mesmas pedras, se están reubicadas. Outra pregunta, porque fai uns días, hoxe en concreto non, pero na parroquia de Peititeiros, no tramo que vai despois da Igrexa ata a curva do Olmeiro está sen luz, e ao chegar a Gondomar a Praza de San Bieito tamén, ao mellor é un aforro enerxético, eu estou de acordo con isto pero gustaríame que se fora un aforro enerxético que non se pechara de todo a luz porque parece un túnel aquilo, entón que se buscara unha alternativa e que se fixera as farolas en intermitencia, por exemplo que



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

funcionara unha e dúas non, por exemplo, porque de verdade que eu que veño traballar as oito da mañán, aquilo non se ve nin cun misto, é un perigo para os viandantes. Despois tamén a pregunta é do acondicionamento da rúa Cruz de Mera, se se vai respectar nun principio a proposta verbal que se fixo dos prazos para acabala que dixeron dous meses e tamén que se explique por que non se fixo primeiro a metade da rúa para non ocasionar tantos prexuízos ou transtornos aos usuarios, por que se fixo toda seguida en vez de metade e metade. E despois un rogo, que se faga un recheo en condicións no aparcamento que está detrás do mercado municipal, non é detrás do mercado pero é polo mercado, porque o que se ten feito ata agora é ineficaz, hai moitos socavóns e un coche o outro día quedou, bueno, foi preciso que os viandantes lle axudaran a quitar o coche de alí, un coche pequeno, grazas.

Sr. Gómez: Imos ver eu teño dúas preguntas (durante un intre non se escoita), hai dous plenos preguntalle, dixeron que estaban a punto de mandalo á Deputación, no anterior preguntalle, dixo que xa enviaran toda a documentación e que estaban esperando, era saber se xa contestaran, se houbo preocupación dende o Concello e se se está enriba do tema e se se está axilizando, que xestións se fixeron referente a este tema e en que situación está. E a outra pregunta é sobre, tamén é un tema que viu aquí a un Pleno, que foi aprobado, o saneamento da Pedra de Morgadán, iso ten levado tantas voltas e tantos orzamentos e tantos acordos, acordouse nun Pleno levalo adiante cunha subvención, quería saber en que situación está, se xa está contratado, se está en marcha de contratar, a situación do tema do saneamento da Pedra. Nada máis moitas grazas.

Sr. Costas: Dúas preguntas: tema PXOM, xa van non sei cantas veces que o pregunto, e o Polígono da Pasaxe, tamén, xa van non sei cantos Plenos preguntando o mesmo, grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 56 minutos do día 6 de febreiro, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que o mesmo asino, de todo o que eu como secretaria dou fe.